



# Xurdimento

Nº 12




Boletín Informativo-Cultural **Centro Galego de Lleida**



CARA


Ó

XACOBEO 99




Natura Intacta i Sorprenent!

Rutes Actives



R

N



A

Agroturisme

# Molt per descobrir



Surt de casa i fes ruta!

T'esperen 303 idees sorprenents per gaudir Lleida

Telèfon turístic



902 10 11 10

# Ara LLEIDA



Patronat Intercomarcal de Turisme  
TERRES DE LLEIDA  
de la Diputació de Lleida

## Sumario

### Pág. Tema/Autor

- 03. Presidente do Centro. *Xosé Terceiro*
- 04. Presidente da Xunta. *Manuel Fraga*
- 05. Al Paer en Cap. *Antonio Siurana*
- 06. President Diputació. *Josep Grau*
- 07. Delegat Govern. *Josep Giné*
- 08. Secretario Xeral. *Fernando Amarelo*
- 09. Subdelegado Gobierno. *Juan Barrios*
- 10. President C.C. *Francesco Teixidó*
- 11. Alcade Ferrol. *Juan Blanco*
- 12. Obispo de Lleida. *Ramon Malla*
- 12. Arzobispo de Madrid. *Ant<sup>o</sup> M<sup>a</sup> Rouco*
- 14. Aínda que non poida ser/X. *Rois*
- 15. Crucifixus/Un día virá
- 17. Muíño de aceite/*Daniel Vila*
- 18. Desguaces/*Juan R. Gómez*
- 22. Tui/*Jesús Sieiro Casasnovas*
- 25. Os xoguetes/*M<sup>a</sup> Dolores Vales*
- 26. A Chaira/*Ramón Villares*
- 27. Historias/*Xosé A. Barreiro*
- 31. Galicia/*Rosa G. Mahía*
- 34. Recuncho da poesía/*Rosa G. Mahía*
- 36. Actualidade/*Manolo Bujan*
- 37. A Identidade/*Manuel Quintáns*
- 39. Lendas/*Margarida Sánchez*
- 41. Ja som Tenta.../*Meritxell*
- 42. Expertos/*Francisco Corbeira*
- 43. Xosé do Marico/*Luis Villares*
- 45. Formadores/*Alfonso López Q.*
- 46. O Val dos Vales/*Vicente Golmayo*
- 47. Lleida a migjorn.../*Elena Bellina*
- 48. La Fidelidad/*M<sup>a</sup> Ángeles Almacellas*
- 49. Una Torre/*Alberto Astillero*
- 50. Algunhas notas Históricas/*Federico P.*
- 52. A nosa morriña/*Carolina e Noelia*
- 53. Cultura popular/*Ramón Oliva*
- 53. Visita del President
- 54. La senda de las estrellas/*Severino F.*
- 55. O Centro nos xomais
- 59. Felicitacións/*Iolanda Díaz*
- 59. Vocalía da Muller/*Marta Roigo*
- 60. A Ribeira Sacra/*Emma Suevos*
- 61. Verge Blanca/*Joan Bellmunt*
- 62. A Coral Cengallei
- 63. Actos do Centro Galego en 1998
- 68. Previsións para o 1999/*Luis Trigo*

Edita : Centro Galego de Lleida  
c/ Joc de la Bola, 20 - Lleida  
Tel / Fax 973 27 48 27

Redacción/Coordinación/Corrección:  
Julio Couxil Vázquez  
Juan R. Gómez Dacal  
Rosa González Mahía  
Xosé Rois/Luis Trigo

Depósito Legal: L-137-1988

Impresión y Autoedición:  
E. Gráficas Rey, S.L.  
Albert Einstein, 54, C/B, nave 15  
Tel.: 93 377 16 23\* • Fax: 93 377 67 62  
08940 CORNELLÀ (Barcelona)  
email: disseny@graficasrey.com  
http://www.graficasrey.com

## PRESENTACIÓN E SAÚDO




Xa fai un ano, animaba a tódolos socios e simpatizantes a celebraren connosco o 20 aniversario da nosa Entidade; agora escribo estas liñas envolto no enorme éxito que supuxeron todas e cada unha das actividades desenvolvidas e coa mirada posta neste recién estreado ano que principiamos, para celebra-lo derradeiro Xacobeo deste século XX que remata. Viaxaremos, como tamén o fixemos hai cinco anos, á nosa querida Galicia, e todos nós teremos que poñer un granciño de area como aportación particular, para que os peregrinos de todo o mundo visiten, coñezan e se engaiolen namorándose da nosa terra; ademais, desde aquí, estrada de paso do Camiño de Santiago, guiaremos e axudaremos -como fixeron os anxos co noso santo Patrón e Apóstolo-, a todos cantos se acheguen a demandarnos o coñecemento preciso para tal percorrido ou visita, sempre recomendada.

Animádevos, unha vez máis, a participar connosco; integrádevos nas nosas actividades, das que tódolos socios, a xunta e eu mesmo como presidente, sentímonos orgullosos : *A nosa Coral, o noso Grupo de Danza e Gaitas, a Vocalía da Muller...* Gozar, unha vez máis, do sentimento de morriña que moitos galegos mantemos e que na actualidade son moitos os cataláns que a comparten connosco.

Cun recordo e lembranza para tódolos que nos deixaron este ano, desexo un bo ano para todos, e, agora que nos achegamos á entrada do "euro", época de grandes mudanzas, (dígovolo en catalán) "us encoratojo" a continuar, con todos nós, con este gran labor do Centro na nosa cidade de Lleida.

**XOSÉ TERCEIRO FOLGAR**  
*Presidente do Centro Galego de Lleida*

## MENSAXE DO EXCMO. SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA ÓS GALEGOS E COMUNIDADES DO EXTERIOR



Cando chegan as datas derradeiras de cada ano é costume das xentes, moi especialmente das de boa vontade, expresar os mellores desexos de felicidade ós familiares, ós amigos e a tódolos homes que sinten na súa intimidade unhas mesmas ansias por transmitir uns sentimentos de xenerosidade nados e vivos nos seus corazóns. É o tempo no que acontecementos vividos, no que a sinceridade é máis sinxela e veraz e todos sentímonos máis iguais na condición humana que lembra e renova o Nadal.

As miñas primeiras palabras neste saúdo, que quere ser moi cordial para todos vós, os galegos que vivides e traballades fóra de Galicia, teñen que ser de agradecemento polo estreitamento e afondamento na vosa trabazón con Galicia, acadados neste ano; polo crecemento na cantidade e na calidade das vosas actividades e accións; polo sobresañte labor desenvolvido na proxección cultural, artística e histórica de Galicia e da súa realidade actual; por todo canto facedes uns a favor dos outros. Todos vós, de distintas maneiras e con diversos xeitos, sodes a imaxe de Galicia e dos galegos no mundo.

Son, non hai dúbida, as vosas vidas, os vosos quefaceres persoais e comunitarios, os vosos feitos, os acontecementos dos vosos Centros, esas vosas xenerosas e afervoadas actitudes, nas que non ten cabida nin o desánimo nin a debilidade, a mellor proba da vitalidade de Galicia máis aló do seu propio territorio, máis aló da súa terra. Esa testemuña fidedigna e crara da galegitude que, día tras día, dades tódolos que residides noutras terras de España, noutras rexións e países de Europa e nas entrañables nacións de Iberoamérica, constitúe un bo sinal da nosa identidade e do fondo espírito de unidade que reborda por enriba das distancias e que racha coas lonxitudes xeográficas. En cada currunchito do mundo, desde o Canadá á Australia, desde Ushuaia á Rotterdam, desde California ata a Baviera, os galegos amosades un xeito de ser e de comportamento ennobrecedor para Galicia.

Nese conxunto, hoxe, quero adicar *un saúdo moi especial a todos cantos formades parte do Centro Galego de Lérida*, que vides desenvolvendo unha actividade que moito honra a tódolos galegos, xa que con un alto sentido da fraternidade e da harmónica convivencia e cooperación, sabedes proxectar nos ámbitos sociais e culturais da antiga Ilerda a nosa cultura e as nosas tradicións. O meu agradecemento á Xunta Directiva e a tódolos socios, mulleres, homes e mozos. A gratitude, igualmente de Galicia, ás autoridades desa provincia e desa cidade, polo apoio que vos dan e pola comprensión agarimosa que vos teñen e que eu coñezo e eloxio.

Dese cada vez máis consistente valor da galegitude temos hoxe que olla-lo porvir, con ánimo anovado, con novos pulos e coa esperanza asentada no esforzo e na ilusión de seguir crecendo como pobo desenvolvido, para facelo máis noso e máis de todos nós. Manter viva e creativa a nosa fidelidade ás tradicións comúns e ós devanceiros, a lealdade ós valores permanentes que aprendemos no seo das nosas familias cando nenos, e testemuñar na honradez do traballo e do comportamento as ensinanzas recibidas para estima-lo bo e face-lo ben, é a mellor das nosas honras.

Agora mesmo, e no derradeiro día do ano, cando por última vez neste século se derrube a parede de pedras que a tivo pechada e se abra a porta das Santas Perdoanzas, comezará o Ano Santo Xacobeo en Compostela, e novamente voltarán ó Camiño moitos máis peregrinos e mirarán os homes outra vez para Santiago, e Galicia será novamente terra de actualidade e atraínte. No tempo que se achega, a nosa cidade intemporal, a nosa Compostela eterna - como dixera Valle Inclán - manará enerxías novas e nos fornecerá na unidade antiga e permanente, encherá de espiritualidade ás nosas vidas e nos empuxará a todos cara un máis forte sentimento de fraternidade.

Santiago sempre foi fonte e ponte. Fonte de culturas e de fé, de irmandade, de sinxeleza, de determinación e fortaleza, virtudes que as proxectou polos camiños da terra e do mar. Ponte, tamén sempre, que xuntou as afinidades dos homes e dos pobos, que concitou vontades cara ás metas de convivencia e que ensinou a vencer distancias e atrancos, a superar disparidades e remediar alongamentos. Desde este eixe xacobeo da galegitude, quero facer a tódolos galegos e españois que residen fóra, un chamamento á prol da unidade e dunha solidariedade mellor trabada e máis xenerosa, por canto ámbalas dúas actitudes humanas axudan a unha convivencia na autenticidade e a unha cooperación fértil e aberta.

Teño que recoñecer, e écheme de orgullo facelo, a miña admiración polo voso traballo, pola capacidade de iniciativas e de realizacións dos vosos Centros e Asociacións, polas actividades cotiáns e extraordinarias no mantemento da identidade común e polo coidado e dilixencia que poñedes no cultivo dunha cultura favorecedora da nosa identificación. Puiden decatarme nas miñas recentes viaxes, que me permitiron un contacto directo coas vosas Comunidades, do aprecio e da estima en que vos teñen en tódolos lugares, tanto as xentes como os dirixentes sociais e políticos, e ilo obrígame, con moito gusto pola miña parte, a felicitarvos e a incrementa-la miña esperanza na fecundidade das vosas tarefas que tanto aportan a Galicia e tan ben a prestixian no mundo enteiro.

Agradezo a cada un esa eloxiable adicación á vida comunitaria da galegitude en cada Centro, en cada unha das Asociacións e Grupos e coido, así o entenderedes, que moito máis que unha gratitude persoal é un agradecemento da mesma Galicia, que nin vos esquece nin vos descoida. Desde a entrañable reciprocidade dos nosos sentimentos, desexo para todos, para as vosas familias, para as vosas xentes e amigos, para cada unha das vosas Comunidades, a maior felicidade e prosperidade.

Que este Nadal, nas vésperas do Xocobeo 99, sexa para todos un Nadal feliz, e que ese Aninovo e Santo de Compostela e Galicia, traia as ledicias, o benestar e as bendicións que ó noso Apóstolo pedimos moi especialmente para tódolos galegos e españois que vivides fisicamente lonxe da terra, pero moi preto dos nosos corazóns.

Asinado : MANUEL FRAGA IRIBARNE

LA PAERIA



## EL PAER EN CAP DE L'AJUNTAMENT DE LLEIDA

La comunitat gallega s'ha caracteritzat, de sempre, pel seu dinamisme i per la voluntat de participar en els afers ciutadans sense oblidar, alhora, les seves arrels. Aquest tarannà ha afavorit que els lleidatans i les lleidatanes, gràcies als socis del Centre, hagin pogut conèixer i gaudir molts aspectes de Galícia i de la seva gent.

La gastronomia, els costums i, en definitiva, la cultura gallega, ens arriba cada any per mitjà de les múltiples activitats que realitza el *Centro Galego de Lleida*. Sens dubte, els més d'un miler de gallecs que viviu a les comarques de Lleida sou els millors ambaixadors d'una terra rica en història i tradicions que voleu conservar i donar a conèixer. Des de la creació del *Centro Galego*, els lleidatans ens hem sentit partícipes de la vostra cultura, atansant-vos a la vegada els nostres costums i tradicions. Un intercanvi mutu que enriqueix les persones de la terra en què vivim.



Com alcalde de Lleida us animo a continuar amb la intensa activitat que us caracteritza amb el convenciment que comptareu amb el agraïment tant dels gallecs de naixement com d'aquells que també estimen les vostres terres.

Cordialment,

---

A comunidade galega caracterizouse, de sempre, polo seu dinamismo e pola vontade de participar nos asuntos cidadáns sen esquecer, ó tempo, as súas raíces. Este talante favoreceu ós lleidatáns, xa que gracias ós socios do *Centro*, poden recoñecer e disfrutar dos moitos aspectos de Galicia e da súa xente.

A gastronomía, os costumes e, en definitiva, a cultura galega, chégannos cada ano por medio das múltiples actividades que realiza o *Centro Galego de Lleida*. Sen dúbida, os máis dun millerio de galegos que vivides nas comarcas de Lleida sodes os mellores embaixadores dunha terra rica en historia e tradicións que queredes conserva-la e dá-la a coñecer. Desde a creación do *Centro Galego*, os lleidatans sentímonos partícipes da vosa cultura, achegándovos ó mesmo tempo ós nosos costumes e tradicións. Un intercambio mútuo que enriquece ás persoas da terra na que vivimos.

Como alcalde de Lleida, ánimovos a continuar coa mesma intensa actividade que vos caracteriza, no convencemento de que contaredes co agradecemento tanto dos galegos de nacemento como daqueles que tamén estiman as vosas terras.

Cordialmente,

**ANTONIO SIURANA I ZARAGOZA**

*Alcalde de Lleida*



## SALUTACIÓ

Un any més, la revista *Xurdimento del Centre Galego de Lleida* ens ofereix el seu balanç d'activitats programades al llarg de l'any. De fet, deixar constància escrita d'un programa cultural realitzat continua essent el millor per lluitar contra l'efímer i de fer palesa la voluntat de perdurabilitat.

L'encert de *Xurdimento*, a més, és que no va només adreçada i dirigida als membres del Centre, sinó al públic en general, per això, és que cal contemplar-la i la contemplem com una publicació periòdica més d'entre les que s'editen a Lleida ciutat. I així és com es treballa l'intercanvi cultural d'una societat que se sap plural.

Em plau, des d'aquestes ratlles, de felicitar els membres del *Centro Galego* pel seu dinamisme per tirar projectes per a la ciutat en particular i per les terres de Lleida en general; i d'encoratjar-los a continuar aquesta seva tasca envejable i, alhora, admirable

---

Un ano máis, a revista *Xurdimento do Centro Galego de Lleida* ofrécenos o seu balance de actividades programadas ó longo do ano. De feito, deixar constancia escrita dunha programación cultural realizada continúa sendo o mellor para loitar contra o efémero e afirma-la vontade de perdurabilidade.

O acerto de *Xurdimento*, ademais, é que non vai tan só dedicada ós membros do Centro, senón ó público en xeral, por eso fai falta contemplala e así a miramos, como unha publicación periódica máis entre as que se editan na cidade de Lleida. E así é como se traballa o intercambio cultural dunha sociedade que se recoñece plural.

Compráceme, desde estas liñas, felicitarvos ós membros do *Centro Galego* polo voso dinamismo en levar adiante poxectos á prol da cidade, en particular, e polas terras de Lleida en xeral; e ánimosvos a que continuedes nese voso labor tan envexable e, ó mesmo tempo, admirable.

**JOSEP GRAU I SERIS**  
*President de la Diputació de Lleida.*

# SALUTACIÓ



Un any més tinc la satisfacció de poder-vos fer arribar aquesta salutació a tots vosaltres i agrair-vos l'esforç tenaç que em consta que feu en dues direccions. D'una banda, per a que els gallecs que viuen i treballen a Lleida s'hi sentin plenament integrats, i d'altra, per a que els lleidatans us coneguem més i millor. Una tasca que ajuda a connectar les respectives cultures i que, consegüentment, és de gran transcendència per una convivència social satisfactòria i enriquidora.

Els lleidatans, i els catalans en el seu conjunt, sempre hem manifestat una clara voluntat d'estrènyer les relacions amb la gent d'altres indrets, sobretot amb aquella que, sense perdre les arrels, com és el vostre cas, ha sabut entendre perfectament el significat del fet que una altra terra els hagi acollit i que és molt positiu col·laborar amb les seves institucions i prendre part de la seva cultura com si també fos la pròpia.

En reconeixement a aquest tarannà vostre, obert, tolerant, respectuós i participatiu, el passat mes de juliol el president de la Generalitat va voler venir a visitar-vos a la vostra seu social, conèixer-vos personalment i posar així de manifest les excel·lents relacions entre catalans i gallecs.

Per tant, a través d'aquestes línies us expresso el meu reconeixement més sincer per les vostres aportacions i la vostra integració modèlica. Estic segur que també sabeu apre-

ciar l'esperit noble de la gent que heu trobat aquí. Amb aquesta cordialitat hem de continuar compartint vivències i cultura, fent més grans i més dignes Lleida, Catalunya i Galícia.

Un ano máis teño a satisfacción de podervos facer chegar este saírdo a todos vosoutros e agradecervo-lo o esforzo tenaz que me consta facedes en dúas direccións. Dunha banda, para que os galegos que viven e traballan en Lleida se sintan plenamente integrados, e doutra para que os lleidatáns vos coñezan máis e mellor. Un labor que axuda a conecta-las respectivas culturas e que, consecuentemente, é de gran transcendencia para unha convivencia social satisfactoria e enriquecedora.

Os lleidatáns, e os cataláns no seu conxunto, sempre manifestamos unha clara vontade de estreita-las relacións entre as xentes doutros lugares, sobre todo con aquelas que, sen perde-las súas raíces, como é o voso caso, souberon entender perfectamente o significado do feito que outra terra os acollera e que é moi positivo colaborar coas súas institucións e coller parte da súa cultura como se tamén fora a propia.

En recoñecemento a este talante voso, aberto, tolerante, respetuoso e participativo, o pasado mes de xullo o presidente da Generalitat quixo visitarvos na vosa sé social, coñecervos persoalmente e poñer así de manifesto esas excelentes relacións entre cataláns e galegos.

Polo tanto, a través destas liñas exprésovos o meu recoñecemento máis sincero polas vosas aportacións e a vosa integración modélica. Estou seguro que tamén saberedes apreciar o espírito noble desta xente que atopástedes aquí. Con esta cordialidade temos que continuar compartindo vivencias e cultura, facendo máis grande e máis dignas Lleida, Catalunya e Galicia.

**JOSEP GINÉ I BADIA**

*Delegat del Govern de la Generalitat de Catalunya*



Agora, cando remata, polo pasar do tempo, un novo ano, cómpre, con sinceridade e con ledicia, adicar un saúdo a tódolos galegos que vivides na diáspora, ós vosos Centros e Comunidades, ós Grupos das distintas actividades, ás vosas familias e amigos e veciños, e tamén a tódalas persoas que apoian e axudan da maneira máis diversa ó desenvolvemento das actividades sociais e culturais que todos vosoutros levades adiante. A todos, pois, o meu saúdo e a gratitude da Galeguidade.

O meu desexo sería dirixirme a cada un dun xeito persoal, individualmente, e recordar cada un dos momentos que tiveron a sorte de convivir con vosoutros, tódoros *meus amigos do Centro Galego de Lleida*, en tantos e tan emotivos intreos, oficiais, culturais e festivos; mais non é posible e temos que conformalo ó saúdo a tódolos que formades ese Centro e, que co voso espírito e a vosa xenerosidade, constituídes unha comunidade que tan ben e tan axeitadamente está a facer un importante labor na proxección de Galicia. Eu coído que tódalas actividades que vindes desenvolvendo nese sentido, con entusiasmo e xenerosidade, abertamente, contribúen moi decisivamente a mellora-la imaxe e o coñecemento de Galicia, da súa cultura, das súas tradicións e dos seus costumes que, conxuntamente, favorecen unha máis crara visión da realidade do noso pobo. Seguíde para adiante e seguíde así, con afervoado e decidido ánimo de vencellar fondamente ós nosos pobos. Non estragades os esforzos feitos pola desidia nin polo decaemento.

Agora, cando se nos achega un novo século, é tempo tamén de reflexionar cos ollos postos no porvir dos nosos Centros e Comunidades e ese ollar ten que mirar moi fixa e atentamente ó arrexuntamento das xeracións, polas que vén á vida colectiva unha enerxía nova e puxante, que fai, precisamente polo seu empuxe, que non se cheguen a perde-los grandes esforzos; os froitos comúns da xenerosidade de tantos; que non se arrisque a continuidade das Asociacións e Agrupacións de galegos espalladas por todo o mundo; que a Galeguidade, en canto forza sentimental identificadora, nin se esvaeza nin se perda como sinal dun pobo nin como proxección dunha cultura peculiar.

Agora, cando xa temos un forte vencellamento entre tódalas nosas Comunidades e as relacións e colaboracións dunhas con outras e coa mesma Galicia territorial e social son moito máis áxiles e eficaces, cando a convivencia dos seus membros é máis sinxela e sentida, cando creceu a responsabilidade de dirixentes e os Grupos artísticos e deportivos incrementaron os seus niveis de calidade, temos que coidar, desde o mellor entendemento entre todos, manter en fidelidade o noso sentir común nas accións e esa autenticidade na harmonía para proxectar con autenticidade a verdadeira maneira de ser e de actuar dos galegos.

Agora, nos días finais do ano, cando os homes de boa vontade sentimos moito máis e máis sinceramente a nosa igualdade e a nosa condición de homes, xunto a esa inesquecible manifestación dos recíprocos desexos de felicidade, coidamos de revisa-los obxectivos realizados e os resultados das ilusións e esforzos postos nelas, a concreción dos planos e dos proxectos e os balances das nosas accións, sentimos a ledicia de comproba-lo feito con acerto e, ó tempo, alentamos novos, para seguir traballando polos galegos e pola Galicia total.

Agora, cando agroman os recordos íntimos e volta á memoria esa historia da convivencia no Centro e na Comunidade, eu lémbrome de todos e de cada un, e quero felicitarvos polo que levades feito; polas vosas accións nestes últimos anos; polas aportacións persoais e conxuntas que soubéstedes darlle ó sentimento de galeguidade desde os vosos corazóns e desde os vosos comportamentos e que quixéstedes asumir para facer máis axeitadamente presente a Galicia no mundo.

A todos, a cada un, a cada familia, a cada Centro : Un bo Nadal e Aninovo, este 1999 Xacobeo, que xa desde agora nos chama a Compostela, que ten que ser venturoso para todos vós e para tódalas Comunidades galegas no exterior, claro espello da vosa mesma grandeza e galeguidade.

**FERNANDO AMARELO DE CASTRO**

*Secretario Xeral para as Relacións coas Comunidades.*



## Subdelegación del Gobierno en Lleida



Uno de los grandes valores del *Centro Gallego de Lleida* es haber conseguido, a lo largo de 21 años de su permanencia en nuestra ciudad mantener la difusión del alto nivel cultural, folklórico y turístico de Galicia en Lleida.

El *Centro Gallego de Lleida* siempre ha marcado un especial acento de su propia identidad, conviviendo perfectamente "amb els lleidatans". Ha sabido difundir su cultura y al mismo tiempo ha participado y ha enriquecido la de Ponent.

Los diferentes grupos culturales del *Centro Gallego* realizan, periódicamente, a través de diferentes marcos abiertos y fuera de su sede social, - plaza Sant Joan, Campos Elíseos, Teatros (Escorxador, Maristas), Comandancia - toda una amplia programación de actividades con sabor gallego, para el disfrute y el deleite de la sociedad de Lleida.

El *Centro Gallego* se inició tímidamente en Lleida, a través de la rica, típica y vairada gastronomía y con alguna actividad folklórica desde el rincón del bar "O Teular".

Con el tiempo ha ido cambiando de sede, alcalde Costa, Lluís Companys y también ampliando sus actividades, hasta llegar a conseguir su propio local social, distribuido en diferentes áreas y abierta a toda Lleida, en la calle Joc de la Bola.

Creo que el gran patrimonio conseguido por los 4 presidentes y sus respectivas juntas directivas, que tan acertadamente han sabido gestionar la Entidad, son el título de propiedad de su sede social; la creación de su coro *Cengallei*, perfectamente dirigido por Rosa González; su agrupación folklórica *Xurdimento* (Reencuentro) y las secciones que están relacionadas con la enseñanza, reciclaje y formación, en la que

destacan los cursos de gallego y todas las actividades que lleva a cabo en las áreas de la juventud y de la mujer.

El *Centro Gallego* con sus 672 socios es una de las Entidades regionales más antiguas de Lleida y fue también uno de los centros fundadores de la Federación de Casas Regionales de Lleida, donde ocupa un lugar destacado.

Además, como siempre recuerda su actual presidente, José Terceiro, es "*nuestra embajada gallega en Lleida*". Desde el *Centro Gallego* se ofrece todo tipo de información de Galicia y colaboran estrechamente, en distintos temas, con la Xunta de Galicia.

La Subdelegación del Gobierno en Lleida está íntimamente ligada con el *Centro Gallego* de Lleida a través de diferentes vínculos, pero sobre todo por los muchos guardias civiles de Galicia que están destinados en la Comandancia de Lleida, entre los que destacan el segundo jefe, José Jar y el capitán, ex jefe del Subsector de Tráfico de Lleida, Juan Rodríguez Gómez Dacal, socio activo y gran colaborador del *Centro Gallego*.

Finalmente quisiera aprovechar esta comunicación en la Revista del *Centro Gallego* para agradecer públicamente la gran acogida que tuvimos, en nombre propio y en la de la delegación de Lleida, tanto en la Subdelegación del Gobierno de Lugo, en el Ayuntamiento, en la Diputación Provincial y en su Universidad, durante la primera semana de julio de 1.998 con motivo de nuestra asistencia, acompañado del secretario provincial, Antonio Dolset y del asesor de esta Subdelegación, Jordi Guiu, a las "*V Jornadas Europeas de Representantes Territoriales del Estado*" que se celebraron en Lugo.

**JUAN BARIOS ORTÍZ**

*Subdelegado del Gobierno del Estado en Lleida*



## **CONSELL COMARCAL DEL SEGRIÀ**

El Consell Comarcal del Segrià es congratula de poder saludar a tots els socis i les sòcies del Centre Gallec de Lleida en el seu 20è aniversari i els felicita per l'esforç i la dedicació demostrats en la gestió del Centre i la promoció del galleguisme a les terres de Lleida.

Sempre és un motiu de satisfacció poder constatar que la gent que ha arribat a Lleida, des de terres força llunyanes, han fet el doble esforç d'integració a la terra i de defensa de la pròpia identitat i costums, que els permeten de sentir-se com a casa malgrat la distància.

I en aquest sentit, com a president del Consell Comarcal del Segrià, vull encoratjar els membres del Centre Gallec i el seu equip directiu a continuar endavant amb la tasca que duen a terme i a poder celebrar en el temps molts altres aniversaris plens de satisfacció.

---


O "*Consell Comarcal del Segrià*", congratúlase de poder saludar a tódolos socios e socias do *Centro Galego de Lleida* no seu 20 aniversario e felicitavos polo esforzo e a dedicación demostradas na xestión do *Centro* e da promoción do galeguismo nas terras de Lleida.

Sempre é un motivo de satisfacción poder constatar que a xente que chegou a Lleida, dende outras terras alonxadas, ten feito o dobre esforzo de integración á terra e de defensa da propia identidade e costumes, que os permitan sentirse coma na casa, a pesares da distancia.

E neste sentido, como presidente do *Consell Comarcal del Segrià*, desexo animarvos a tódolos membros do *Centro Galego* e ó seu equipo directivo a continuar adiante coa tarefa que levades a cabo e a poder celebrar, co tempo, moitos outros aniversarios cheos de satisfacción.

**FRANCESC TEIXIDO IBARS**  
*President del Consell Comarcal del Segrià*

## “O Castelo de San Felipe”. Ferrol



xen os cidadáns, as forzas políticas e empresariais e as administracións.

Son momentos de despegue para Ferrol e para San Felipe, momentos de asentar ben as bases do que queremos que sexa o noso futuro. Momentos nos que estamos a un paso de conseguir acadar o nivel de infraestruturas que tantos anos reclamamos. Momentos nos que temos, por riba de todo, que defender o interés conxunto, o de todos, porque só con este obxectivo lograremos incrementa-la calidade de vida individual.

E oxalá que, no vindeiro artigo que se me demande, poida seguir sinalando a San Felipe como espello de Ferrol. Que este Castelo sexa a fortaleza restaurada que simbolice a recuperada forza da nosa cidade. Porque ese é o noso soño, o de tódalas ferrolas e ferroláns que cada día traballan arreo para faceren de Ferrol un lugar no que a vida sexa amable, o futuro limpo e a esperanza un sentimento pasado.

San Felipe é o espello no que Ferrol se mira ou deberá mirarse. Non é só o principal símbolo da cidade, lugar para amosar con orgullo a historia moderna de Ferrol, senón reflexo mesmo, paralelismo exacto.

San Felipe xurde para defende-la nosa ría, a nosa cidade e os seus arsenais, os máis modernos de Europa, que deron orixe ó que Ferrol segue a ser hoxe. Foi símbolo da nosa defensa, primeiro bastión no que topar ou que eludir, peche perfecto para o estreito corredor da bocana da ría e cume dunha historia na que o naval foi case que o único protagonista.

Moito máis preto no tempo, cando Ferrol pasaba a súa maior crise, sobre todo por causa da construción naval, a base militar de Ferrol mermaba e moitas instalacións perderon a súa utilidade e incluso o seu sentido mesmo. San Felipe foi unha delas. A evolución das técnicas de guerra supuxo a súa definitiva decadencia imparable, ata que nun momento aciago, foi definitivamente abandonado á súa propia sorte. Mentres Ferrol podía mirarse no seu espello.

Pero, nos últimos tempos, case que timidamente, volveu a vixilancia militar, e tamén abriuse un período de esperanza, de traballo conxunto e coordinado de tódalas administracións, de conciencia cidadá da importancia crucial que ten este Castelo, non só no noso pasado, senón para o noso futuro. E Ferrol tamén pode mirarse agora nese espello de esperanza, na que conver-



**JUAN BLANCO ROUCO**  
(Alcalde de Ferrol)

## El Obispo de Lleida

Escribo con gusto, en vuestra Revista, estas breves líneas de felicitación de Navidad y Nuevo Año, portadoras del deseo de "boas festas" para todos los queridos diocesanos procedentes de Galicia, que convivís con tanto afecto en nuestra misma Ciudad de Lleida, y para vuestros familiares y amigos que os recuerdan permaneciendo en vuestra hermosa tierra gallega...

Terminará el año con la apertura de la puerta santa de la Catedral de Santiago, que inicia las celebraciones del jubileo "Xacobeo", o Año Santo Compostelano. Además de otros significados, veo en este hecho una manifestación del que sois y queréis ser: corazones abiertos a todas las personas, como nos habéis demostrado en el trato frecuente entre nosotros, y al que hemos procurado corresponder de la misma manera, con afectuosidad, con alegría y sin ninguna reticencia.

El Señor os conceda alegría constante en ese Año Jubilar. Alegría a la vez por la bendición abundante que pido a Dios, a fin de que sepáis triunfar en todas vuestras actividades y podáis gozar de paz y de grandes satisfacciones en cada uno de vuestros hogares y en el conjunto de la comunidad gallega que vivís entre nosotros.

Tengo la esperanza de poder expresar estos mismos deseos peregrinando el año próximo, a punto de empezar, al sepulcro del Apóstol. Desde ahora le pido a su intercesión para que el Señor os recompense vuestra aportación a nuestra Ciudad, y nos ayude a todos a seguir disfrutando de las satisfacciones que nos proporciona la convivencia amigable de todos en nuestra querida Ciudad de Lleida.



+ *Ramon Malla*

+ RAMON MALLA  
Bisbe de Lleida


## El Arzobispo de Madrid

Quiero, ante todo, agradecerles la oportunidad que de nuevo me brindan, para enviarles, a través de la revista Xurdimento, unas palabras de saludo y de afecto a todos los miembros y simpatizantes de ese Centro Galego de Lleida.

En estas fechas, todavía al calor de la Navidad, quiero invitarles de corazón a dirigir la mirada a Cristo Niño, que en el misterio de su Nacimiento nos llena de la plenitud de vida y de esperanza que anhelamos todos los hombres, y que sólo El puede darnos. La amistad y la gozosa convivencia que experimentan en ese querido Centro Galego tiene su fuente, no lo duden, en la presencia de Cristo, en quien "vivimos, nos movemos y existimos", en palabras de San Pablo. Cuando los hombres olvidamos esta verdad fundamental, nos privamos de la auténtica "sal de la vida", y al final nos vemos abocados a toda clase de discordias y de males. Yo le pido al Señor, en estas fechas entrañables, que les bendiga a todos, y a todas sus familias, con el don de su Presencia, y les ayude en todo momento a reconocerla con sencillez de corazón.

Envío a todos mi saludo cordial, junto con mis deseos de un Año 1.999 lleno de paz y de esperanza verdadera.

Con afecto y mi bendición,




+ *Antonio M. Rouco Varela*  
Cardenal-Arzobispo de Madrid


+ ANTONIO M. ROUCO VARELA  
Cardenal-Arzobispo de Madrid

# ASYSUM, S.A.

Lider nacional en reconstrucción de  
motores y culatas



"Les ofrecemos las  
ventajas máximas en  
las reparaciones totales  
o parciales"




## **RECTIFICACION Y VENTA DE RECAMBIOS**

2º Paseo de Ronda, 45-49 • 25008 LLEIDA  
Telf. 973 247142 - 248466 - Fax 973 230988

## **FABRICACION Y VENTA MOTORES**

Ctra. C-1313, km. 1,5 - 25191 LLEIDA  
Telf. 973 212018 - 212047 - Fax 973 212010



Dr. Fleming, 6 Tel.: 973 23 99 38  
25006 LLEIDA

Blondel, 27 Tel.: 973 27 31 61  
25002 LLEIDA

Plaza Mercadal, 10 Tel.: 973 44 65 36  
25600 BALAGUER

# AÍNDA QUE NON POIDA SER

Un ben sabe que recuar no tempo só se pode facer co pensamento;  
velaí que para iso se utilice sempre ese vieriño para chegar deica  
certos feitos que hai anos aconteceron...

=====

Quixera voltar á idade  
De andar ós niños,  
De xogar á estornela  
E ós pelouriños.

Quixera volver ós intres  
Que no medio dun libriño  
Deixáchesme aquel "¡Eu quérote!"  
Nun papel perfumadiño...

Correspondín -¡doce aniños!-,  
Cun bico ó revés da man:  
"Os bicos, ¡¿ou non o sabes?!,  
Son así como se dan" :  
E xuntaches teus beiciños

Á miña boca escolán...  
Deixándome aleladiño  
Co corazón a brincar  
E entretallado o alento  
E as ilusións a voar...

Hai intres que fan en nós  
O niño e xa non se van,  
E anque por máis que llo pregunen  
O voo non erguerán...  
E agora... unha confesa:  
¡Quixera outra vez volver  
A ser un neno escolán...  
Para te bicar nos beizos  
E non no revés da man...!

\* \* \*

Nin as distancias, nin as treboadas, nin os furacáns poden cos  
recordos, cando estes xa están, para sempre  
e a gustiño, enraizados nun...

XOSÉ ROIS FROJÁN



## ENTREGA DA CESTA DE NADAL

O día 22 de xaneiro, deste ano 1999, fíxoselle entrega da  
Cesta de Nadal á Residencia Juana Jugan (Hermanitas de los  
Pobres), despois de transcorrer un mes dende o día do tradi-  
cional sorteo de Nadal, e non ter aparecido o premiado.

# CRUCIFIXUS



¡Roxo Sol, Roxos Lilioms!  
Albos Cinemomos Tenues,  
Ertos, Crevos, en Flor,  
Cristo Pena! Cristo Penar!  
Cristo Penante! Cristo Delirio!!  
Atormentado, Envellecido, Ido,  
Cristo de Dolor! Cristo Gólgota!  
Cristo amarillo dun neno perdido,  
Desde o ouriflama da tarde,  
Desde os infindos do Ser,  
Emerxe para Ti

Deliral soñador de Imposibles,  
Bruno e olear,  
O último sol, o último Ceo!  
Os ermos gritares, os mirtales ouvidos!  
¡Os torgos aterrados!  
¡Vidriando incrédulos, o último mirar!

M.V.MENDEZ

*Manuel Vázquez Méndez, é Licenciado en Filosofía e Dereito.  
Na actualidade é Interventor do Concello de Ferrol.*

## UN DÍA VIRÁ

Á mesma beira da nosa casaña, na aldea, érguese cara ó Ceo, cara Fisterra, cara ás  
ampluras do mar e cara á fiestra do meu cuarto, un fermoso cruceiro de pedra  
labrada. Cando eu nacín, o cruceiro xa estaba alí; e cando eu morra,  
a bo seguro que o cruceiro alí seguirá. Claro : como é sabido,  
as pedras duran moitísimo máis cás persoas.  
Velaf.

Meu moi lembrado e vello cruceiro,  
Chantado na terra á beira da casaña,  
Vendo pasa-lo tempo, camiño de ningures  
Sen deterse contigo a parolar;  
Nosos Señor está en cruz no teu enriba:  
Na cabeza, a magoante coroa de espiñas  
E coas bágoas dos seus ollos a rolar...  
Tivo que ser un grande artista o mestre canteiro  
Que esculpiu a Cristo na pedra;  
Nesa pedra que hoxe acariñan as carrouchas,  
E gateando por ela, cara arriba soben  
Os toxos, as silvas e mailas atrevidas hedras.  
Eu véñome sentar ó teu carón,  
Cada vez que, dende lonxes terras,  
De cando en cando achégome á casaña,  
Obrigado polo inimigo da chamada,  
Irresistible e imperiosa, da morriña.  
E falo agarimosamente contigo...  
É bello costume que me vén de neno,  
E, por tanto, que me vén de antigo...  
É coma un grande consolo, ¿ti sabes?,  
Semellante a contarlle un segredo ó mellor amigo...

Un día virá, meu vello amigo cruceiro,  
Que faltarei; faltarei á cita;  
Será cando "a da gadaña", (é dicir, a morte),  
Veña e ségueme a vida.  
Mentres tanto... seguirei a vir sentarme,  
Ó teu carón, como fixen sempre:  
Ó agarimo da túa beiriña...!

\* \* \*

¿Por que será que as cousas da "Patria Pequena" turrán tanto  
da xente da diáspora?  
(Do meu poemario "*Anaquíños de min*"). Mención de  
Honor do Certame "Rosalía de Castro"

XOSÉ ROIS FROJÁN



MARMOLES  
PIEDRAS  
GRANITOS  
CANTERIA

***comarsa***  
***comercial marmolista, s.a.***

---

Palauet, 131 - Telef. 973 20 59 75 - 25001 (La Bordeta) LLEIDA




***mármoles san pancraccio, s.a.***

---

Palauet, 131 - Telef. 973 20 59 75 - 25001 (La Bordeta) LLEIDA



# O MUIÑO DE ACEITE



Aínda que hoxe en día, nesta zona do Val de Quiroga, non é moi frecuente atopar oliveiras, (e se algunha queda xa non está en moi bo estado), non hai moitos anos existía un número nada despreziable de oliveiras espalladas por moitos lugares da zona e que obrigaban á construción de varios muiños para a súa explotación.

Lamentablemente poucos quedan, e menos aínda en bo uso ou estado. O exemplo do mellor conservado atópase na pequena aldea de Peites, pertencente ó concello de Rivas do Sil, e que aínda se emprega para a obtención do aceite.

Din, as persoas que o probaron, que é un aceite auténtico : forte, con sabor e, coma todo o aceite de oliva, medicinal.

Non quedan moitas persoas que saiban dar razón da fabricación do aceite; de tódolos pasos a seguir para obtelo; pero entre o que oín e a forma peculiar do muiño, procurarei deducilo.

Cando a oliva esta madura ou sensible á súa recollida, efectúase o "vareo", algo parecido ó que aínda fan no sur - a pesares de tantos adiantos, o vareo é a forma máis recomendable para facelo, e a que menos dana á árbore - .

O froito cae nun plástico previamente colocado para despois recollelo e trasladalo, en cestos, ata o muiño.

## ¿Como funciona un muiño de aceite?

Ó chegar ó muiño, deposítanse as olivas nunha especie de fosa circular de pedra, que ten enriba unhas rodas, de pedra tamén. Estas rodas están situadas de tal xeito que, por medio dun mecanismo, e mediante unhas vigas de madeira, pódese dar voltas ás rodas de pedra. Unha besta encárgase de facer este labor de tiro e carga pesada, polo que fan roda-las pedras enriba da fosa de pedra, que fai de tinalla. A viga primeira ten a utilidade de facer xira-la pedra ó redor dela coma se fose un parafuso.

Así a oliva queda convertida nunha especie de pasta. Sácase do muiño para prensala. Modernamente úsanse unhas prensas de ferro semellantes ás usadas para o viño. Métese a pasta nos capachos (pezas de esparto, circulares). Ponse un capuchón vello na prensa, e sobre del vanse colocando os demais. Despois colócanse enriba as táboas para prensa-la masa. Cando está preparado todo, ó tempo que se apreta a masa, bótase a auga fervendo. O aceite que vai escoando recóllese nos tinillos ou nas cántaras.



DANIEL VILA LOPEZ

M  
Y  
S

PELUQUERIA

Y

BELLEZA

REALIZAMOS  
POSTIZOS SOBRE ENCARGO

Las Torres, 5, 3º Altillo - Teléfono 973 26 60 58  
25006 LLEIDA

# DESGUACE DE VEHÍCULOS

## A).- Introducción

Os industriais dedicados ó desguace de vehículos de motor, están incluídos dentro do ramo de Chatarreiros e, concretamente, no grupo de Recuperadores de Chatarras, que ademais de cumprir cos requisitos establecidos para chatarreiros en xeral, polo Real Decreto número 731/82 de 17 de marzo, impónselles outros especiais, baseándose a Administración fundamentalmente no aumento considerable destes, motivada pola alta rendabilidade do negocio, e tamén a prestarse facilmente a manipulacións ilícitas de vehículos; cometéndose delitos contra a propiedade, especialmente roubos e furtos con recepcións que teñen coma corpo do delito, vehículos e as súas pezas e accesorios; pois os recambios de vehículos modernos teñen prezos elevados e nos antigos tamén é rendable a venda de repostos e accesorios por que escasean estes, xa que non se fabrican repostos, como por exemplo dos modelos Seat 600, Dotge Dart e outros.

O cambio de matrícula ou trocos ilícitos nos vehículos, procedentes dun roubo ou furto son adaptados á documentación de outro inservible ou accidentado e resulta difícil a súa identificación porque adáptannos ás mesmas marcas e modelo có anterior.

De feito téñense descuberto e detido a varios falsificadores que, nos locais dos desguaces de vehículos, mercaban as documentacións dos accidentados e despois efectuaban os trocos falsos e cambios correspondentes, adaptando un vehículo roubado á documentación do desguazado.

Polos motivos expostos, os Axentes da Autoridade, están obrigados, profesional e moralmente, a vixiar o exacto cumprimento das normas establecidas ó efecto e se o fan con pleno coñecemento da materia, non hai dúbida que evitarán, en boa medida, a clandestinidade e manipulacións ilícitas, moi aptas para a comisión dos feitos delictivos ós que antes nos temos referido.

## B).- Normativa aplicable.

1.- Os empresarios dedicados ó desguace de vehículos, como comerciantes ou industriais en xeral, deben cumprilos requisitos esixidos a todos eles, sexa cal fora o ramo ou gremio ó que pertencen; así deberán cumprir:

**Licencia Fiscal:** Estar ó corrente de pago da Contribución Industrial establecida pola Orde de data 1 de xaneiro de 1911 e seu Regulamento que, pola Orde de 15 de decembro de 1960, chamouse "CUOTA DE LICENCIA FISCAL DO IMPOSTO INDUSTRIAL", e por Lei

44/1978 de data 8 de setembro, para denominarse na actualidade *Tributo local de Carácter Real*, debendo satisfacer tamén o imposto do IVE que alcanza o 10% do importe das facturas, salvo no caso de que teña concertado con Fazenda un cómputo global; neste caso pagará de imposto a cantidade concertada.

**Licencia municipal:** Estar autorizados pola Autoridade

Administrativa para á apertura do establecemento, segundo sexa comercial ou industrial, denominada, tal e como prevén as Ordenanzas Municipais e os artigos 298 ó 304 do Código Penal vixente.

2.- Como comerciantes ou industriais do ramo, ó gremio xeralizado de "CHATARREIROS", sonlle aplicables as seguintes normas:

Orde da Presidencia do Goberno de data 29 de xaneiro de 1964, que establece tres categorías de chatarreiros e os requisitos a cumprir por cada un deles e o carné que deben levar consigo. Neste caso chámasselos ós desguazadores de vehículos a motor, como recuperadores de chatarra, nas súas categorías de maioristas ou minoristas e diferenciando no carné a clase de chatarreiros, sendo o carné de cor branco con liñas transversais e letras maiúsculas en vermello, que diga "MAIORISTAS" para os industriais maioristas, e de cor azul coas letras maiúsculas cruzadas e coa palabra "MINORISTAS" para esta clase de chatarreiros.



3.- Como industriais dedicados ó desguace de vehículos a motor, ademais dos requisitos anteriores, observarán as disposicións legais que contempla o Real Decreto número. 731/1982 de 17 de marzo, ampliado para seu desenvolvemento pola Orde do Ministerio do Interior de data 7 de setembro de 1982, sobre control de establecementos dedicados ó desguace de vehículos a motor e as ordes internas dadas ás forzas policiais.

#### **C).- Documentación esixible.**

• No Real Decreto establécese que o Industrial que se dedique ó desguace destes vehículos, está na obriga de levar un libro rexistro no que anotarán, diariamente, a marca, tipo, modelo, matrícula, número de bastidor, cor e data de compra do vehículo, así como nome, apelidos, domicilio e número de D.N.I do vendedor, do titular e data da baixa para desguace.

• Así mesmo, os citados industriais están obrigados a cumprimentar e presentar diante da Comisaría de Policía ou posto da Garda Civil correspondentes, unha declaración suxeita ó modelo que se estableza polo Ministerio do Interior, por cada vehículo mercado con fins de desguace, no que figurarán os datos reflexados no libro rexistro, respondendo de que o texto incorporado coincida co mesmo.

• O industrial ten a obriga de presentar ámbolos dous exemplares na Comisaría de Policía ou posto da Garda Civil correspondente, dentro do prazo de setenta e dúas horas de ter realizado a compra do vehículo para o selado nos Centros citados, momento en que lle será devolto un dos orixinais.

• O comprador de vehículos sinistrados ou inservibles, con fins de desguace, está na obriga de reclamar do vendedor xustificante de ter dado de baixa ó vehículo na Xefatura de Tráfico correspondente, ou a comunica-la baixa á dita Xefatura de Tráfico no caso de que non o tivera feito o vendedor, dentro dos tres días seguintes ó da compra.

• Os xustificantes de baixa dos vehículos deberán quedar arquivados no establecemento comprador durante un período de cinco anos, con referencia á anotación de compra que debe figurar no libro - rexistro antes citado.

• Tanto o libro - rexistro, coma os xustificantes de baixa dos vehículos mercados e os propios vehículos ou os restos dos mesmos que se teñan almacenados, estarán sempre ó dispor dos membros dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, para realizar calquera investigación.

A normativa interna da Dirección Xeral do Estado, establece:

• As Comisarías de Policía ou postos da Garda Civil, denantes de confeccionar e autoriza-los libros-

registro, remitirán á Dirección da Seguridade do Estado, relación pormenorizada dos establecementos que se dediquen ó desguace de vehículos a motor ou ó depósito dos adquiridos para a mesma fin, radicados nos seus respectivos ámbitos territoriais.

• Ó ser presentado para a súa dilixencia, un libro rexistro, a Comisaría de Policía ou posto da Garda Civil correspondente, comprobará mediante xustificación do establecemento interesado, que cumpre tódolos requisitos legais.

• Cada Comisaría de Policía ou posto da Garda Civil, levará un rexistro de tódolos establecementos que se dediquen á adquisición de vehículos a motor para seu desguace ou ó depósito dos mercados para a mesma fin, abrindo para cada un deles un expediente.

• Ó menos unha vez cada tres meses, a dependencia policial correspondente, levará a cabo una inspección, para comprobar que se cumpren tódalas normas legais.

• As infraccións administrativas, que se cometan contra o preceptuado no Real Decreto, poden ser sancionadas con multas desde 100.000 a 1.000.000 pesetas.

#### **D) Ilícitos posibles.**

##### **Penais:**

Delictos de: roubo, furto, e receptación.

Delictos de falsificación por medio de alteracións ou cambios de números de motor e bastidor e placas de matrícula dos vehículos.

Delictos de suplantación e manipulación ilícita dalgún dos detalles anteriores ou calquera outro delicto ou falta prevista no Código Penal.

##### **Fiscais:**

Non estar ó corrente de pago da contribución industrial.

Non estar ó corrente de pago do imposto IVE.

Mercar para o desguace vehículos de matrícula estranxeira importados temporalmente, incumprindo a Lei de Importación Temporal de Automóbiles (LITA) e Lei de Contrabando, vixentes.

##### **Laborais:**

Infraccións á Orde da Presidencia do Goberno de 29 de xaneiro de 1964, como son:

Carecer do carné de chatarreiro ou te-lo caducado.

No ter asegurados os traballadores.

Ser minorista e dedicarse á industria na provincia distinta á que foi autorizado e para a que ten o carné correspondente.

Non exhibi-lo carné de chatarreiro ó serlle esixido.

Non anula-lo carné cando deixe de exercer tal actividade.

### **Administrativas:**

Establecer e inicia-lo funcionamento da industria carecendo de Licencia Municipal.

Non leva-lo libro-rexistro correspondente.

Non anotar no libro-rexistro, diariamente, as operacións de compra de vehículos realizadas, con tódolos datos previstos do vehículo e dos seus vendedores.

Non peticiona-lo mencionado libro-rexistro, con antelación suficiente á prevista antes de se esgotar.

Non presentar na Dependencia policial, dentro das setenta e dúas horas seguintes a realiza-la operación, duplicado parte da compra-venda, no impreso regulamentado.

Non solicitar coa antelación suficiente os partes, antes de se agotaren.

Non reclamarlle ó vendedor o xustificante de ter dado de baixa o vehículo na Xefatura Provincial de Tráfico correspondente.

Non peticionar dita baixa á Xefatura de Tráfico, dentro dos tres días seguintes o da adquisición, se non o fixo o vendedor do vehículo.

Non conservar arquivados, por espacio mínimo de cinco anos, os xustificantes de baixa dos vehículos adquiridos.

Non ter, en todo momento, a disposición dos membros dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, os Libro-rexistro; certificados de baixa dos vehículos e restos dos mesmos.

### **E) Actuación dos Axentes Policiais.**

As Forzas de Seguridade do Estado, teñen fundamentalmente dúas misións, unha preventiva e outra represiva.

#### **Preventiva:**

Enviarán por conducto regulamentado, relación pormenorizada desta clase de establecementos.

Peticionarán da Dirección Xeral tódolos Libros-rexistro, que lle soliciten os industriais, así como os partes de compra de vehículos.

Antes de dilixenciar ningún Libro-registro, comprobarán, previa visita da inspección correspondente ó establecemento, de que este está autorizado e que teña a autorización da Licencia Municipal e estea ó corrente de pago da Contribución do Imposto Industrial correspondente e teña o carné de chatarreiro previsto.

Confeccionarán e conservarán un rexistro de tódolos establecementos citados, abrindo para cada un deles un expediente no que se farán consta-los datos persoais



e de interese policial, así como cantas incidencias ou irregularidades se deriven das inspeccións que realicen, tanto periódicas como de outra índole.

Sela-los partes de compravendas que reciba, devolvendo o duplicado ó industrial e a primeira parte ten que remitila, diariamente á Unidade Superior.

Efectuará unha minuciosa comprobación dos partes de compravendas que lle presenten ó dilixenciado.

Si observasen irregularidades nos partes de compravendas, ademais de proceder en consecuencia, unirán ó parte que se remite á Superioridade, unha nota, extractando os motivos da irregularidade e proceder con respecto á mesma, para que chegue a coñecemento da Comisaría Xeral de Policía Xudicial.

Independentemente das visitas de inspección, que por calquera motivo realicen a estes establecementos, obrigatoriamente cada tres meses, efectuarán unha periódica, para comprobar que se cumpren os requisitos establecidos.

**Represiva.**  
Instruirase atestado cando se cometa algún delito previsto no Código Penal, detendo ós responsables do delito ou delitos e entregándoos á Autoridade Xudicial.

Si se cometen infraccións laborais, darase conta oficial ó Delegado Territorial de Traballo e ó Subdelegado do Goberno da Provincia.

Segundo se cometera infracción de carácter fiscal, daríase conta, mediante acta, de aprehensión ou descubrimento, dependendo dos casos, ó Delegado de Facenda da Provincia, salvo no caso de que se tratara do desguace ou actividade con vehículos de matrícula estranxeira, que ó cometerse infracción de contrabando remitiríase a acta ó Administrador de Aduanas correspondente.

Si a infracción é Administrativa, darase conta, por oficio, ó Subdelegado do Goberno na Provincia, salvo que o fora por carecer de Licencia Municipal que se daría conta ó Alcalde da localidade.

Si a infracción é Administrativa, darase conta, por oficio, ó Subdelegado do Goberno na Provincia, salvo que o fora por carecer de Licencia Municipal que se daría conta ó Alcalde da localidade.

**JUAN RODRÍGUEZ  
GÓMEZ DACAL**

*Licenciado en Dereito*

*Bibliografía:*

*Código Penal*

*Lei 44/1978 de 8 de setembro.*

*Lei 28/92 de 28 de decembro de Impostos Especiais.*

*Real Decreto 731/1982 de 17 de marzo.*

# VIATGES PER TOT EL MON AMB TOTA LA NOSTRA ATENCIO



**COSTA, MONTAÑA, ISLAS, EUROPA, ASIA, CARIBE, ...  
VENGA A INFORMARSE SOBRE SU DESTINO PREFERIDO**

**LOS MEJORES PRECIOS EN TEMPORADA DE SKI**



Martín Ruano, 21 Tel. 973 27 44 11 Lleida  
Sant Joan de Mata, 1 Tel. 973 20 29 18 Lleida  
Jacint Verdaguer, 15 Tel. 973 71 16 78 Mollerussa  
Pare Manyanet, 28 Tel. 973 65 20 66 Tremp  
Plaza España, 9 Tel. 974 42 86 53 Binéfar  
Pasaje Loarre, 4 Tel. 974 41 61 78 Monzón

*Salvant distàncies*

Internet: <http://www.viajes-massai.es/turismo/>

**Me** electricitat  
industrial  
**Masana s.l.**



- Instal·lacions elèctriques
- Quadres de comandament
- Bobinatges
- Manteniment
- Reparacions
- SAT Lincoln - KD

Pol.Ind. El Segre - Par. 707, nº 4  
Tel. 973 21 10 88 - Fax 973 21 10 89  
25191 LLEIDA

Tel. Urgències 908 03 63 56

Taquigraf Martí, 9  
Tel. 973 23 86 59 - Fax 973 23 86 69  
25008 LLEIDA

## Ciudad de ensueño TUI (Pontevedra)

Tui se encuentra enclavada en la Comarca del *Baixo Miño*, con una extensión de 315 km. cuadrados y 44.181 habitantes. Limita por el Norte con *Miñor* y *Lourido*; al Este con *Condado* y río Miño; al Sur con el río Miño y al Oeste con el Océano Atlántico. La situación está en el extremo Sur Occidental de Galicia, formando un triángulo entre el Miño y el Océano Atlántico.

Tui, capital municipal, tiene una extensión de 66,5 Km. con 14.973 habitantes. Abarca las parroquias de Areas, Pexegueiro, Pazos, Randufe, Malvas, Rebordans, Ribadelouro, Guillarei, Caldelas, Paramos, Baldrans y Tui.

Esta milenaria ciudad de origen griego, pero con influencias romana, sueva, visigoda, árabe y normanda, y que según la tradición recogida ya por Silo Itálico en el siglo I, fue fundada por Diómedes, en honor a su padre Tydeo, de donde a lo largo de la historia se denominó: Tyde, Tude, Tudae, Tuda, Tuy y Tui. Desde el año 1.967 es declarada Conjunto Monumental Histórico y Artístico. Está situada al Sur de la provincia de Pontevedra, en la comarca del *Baixo Miño*, profundamente enraizada en la historia gallega. Se eleva en una colina a los pies del Parque Natural declarado de Interés Nacional *Monte Aloia*, y refleja su belleza en las aguas del mítico río Miño, el entrañable río de los antiguos galaicos. Forma frontera con Portugal y desde el año 1.623 goza del título de "MUY NOBLE Y MUY LEAL CIUDAD".

De su primitivo emplazamiento, diversos autores la sitúan en distintos lugares; así para unos fue en el Monte Aloia -lugar que para muchos fue el último reducto de la resistencia galaico-cántabra a los romanos, conocido como Monte Medulio.

En época romana fue capital de diócesis, en las dominaciones suevas y goda fue corte del rey Witiza, cuna del rey D.Pelayo y durante muchos años una de las siete Capitales del antiguo Reino de Galicia. Esta ciudad sufrió importantes invasiones por parte de los árabes y normandos. Como consecuencia de las luchas feudales del S.XV, Tui es elegida como sede de la casa de los Soutomaior, como así lo muestran los escudos situados en el Convento e Iglesia de Santo Domingo (S.XV) y la Torre del Claustro de la Catedral, denominada de Sotomayor. Por estos lugares fueron constantes las correrías de Pedro Álvarez de Sotomayor, conocido por Pedro Madruga.

Un período de la historia de esta ciudad ha tenido como protagonista a Doña Urraca, hermana del rey Alfonso VI. Fue esta mujer, Condesa de Galicia, quien le concedió el título de Señorío. Este pasado ha dejado como legado el que, aún hoy, se le conozca con el sobrenombre de "La ciudad de Doña Urraca".

En la Edad Media tuvo una importante colonia de judíos, la cual contaba con dos sinagogas y un cementerio en la Sarabia, barrio de Riomuñíos. También durante esta época fue relevante centro comercial y de comunicaciones,

debido a la importancia que tuvieron sus antiguos puertos fluviales. Tui fue y sigue siendo el más destacado centro de comunicaciones de Galicia con Portugal. Por aquí pasaba la vía XIX del itinerario de Antonino, que partiendo de Braga (Portugal) se dirigía a Lugo y Astorga. Es la primera población gallega del principal Camino Portugués a Santiago de Compostela.

Durante la Invasión Francesa fue saqueada por las tropas del Mariscal Soult, el cual la eligió como sede de su Cuartel General.

Todo Tui es un monumento, sin duda el más importante de la Galicia Sur, donde se destaca la iglesia románica de San Bartolomé de Rebordans (S.XI), que fue monasterio benedicti-

TUI

Monumental  
Artística y  
Paisajística



no y sede episcopal donde se llegaron a celebrar concilios gallegos. Bajo sus losas aún se encuentran restos de la primitiva construcción del siglo VI; con esta debemos destacar la ya citada de Santo Domingo, el Convento, Iglesia y Túnel de las Clarisas o Encerradas (S.XVI); en la Plaza de la Misericordia, la capilla de este nombre, que conserva la portada del S.XVI y en la "Rúa do Corpo Santo" la Iglesia del Santo Patrono de la Ciudad, su Diócesis y de los navegantes, San Pedro González TELMO, edificada a finales del siglo XVIII y que constituye la "única" existente del barrio portugués o manuelino en Galicia.

Pero indudablemente en el conjunto de Tui monumental destaca, sobre todo, su Catedral-Fortaleza del siglo XII (1.120), que es el monumento más importante de la Galicia Sur. Con sus almenadas torres medievales, se alza sobre la parte más alta de la ciudad. Edificada sobre el solar de la primitiva sueva y visigoda, destruida por las invasiones de árabes y normandos. A lo largo de los tiempos se realizaron numerosas reformas en su estructura, que nos permiten contemplar los más variados estilos, si bien destaca sobre todo el románico y el gótico.

Su pórtico o portería principal, abierta al Oeste, abre el camino de la escultura, del románico al gótico, en la Península Ibérica; constituyendo una de las más hermosas composiciones escultóricas de Galicia. Su fachada Norte presenta el "Aspecto de Fortaleza", con dos aspectos diferenciados: "La Puerta Románica", con la figura de San Epitacio, primer Obispo de esta Catedral en el primer siglo de esta Era. Y "Las torres de las Campanas y de San Andrés", de épocas posteriores.

En el interior, entre otras muchas, llaman la atención los "tirantes" que están apuntalando las columnas de su nave central, y que la tradición popular achaca al famoso terremoto de Lisboa de 1.755, cuando en realidad es debido a la descompensación de la altura de sus bóvedas y la anchura. El primero de estos tirantes fue construido en el siglo XV -en tiempos del Obispo Sotomayor- y por los mismos canteros que hicieron la torre de San Andrés (fachada Norte-Reloj). El último de estos tirantes está fechado en 1.715, anterior al citado terremoto.

Cuando uno visita la Catedral, no puede dejar pasar el hacer lo propio con su Claustro (S.XIII-XIV), con su



hermosa Sala Capitular románica, única de su género en Galicia. Desde la torre de Sotomayor, que forma parte del Claustro, podemos contemplar hermosas vistas sobre el Miño: El Tui antiguo y Valença do Minho.

Esta ciudad que desempeñó un papel muy importante como una de las siete capitales del Antiguo Reino de Galicia -(S.XVI al XIX); y con la riqueza cultural vivida a lo largo de los siglos, la hace poseedora de un importante legado digno de ser conocido. Por ello además de sus monumentos arquitectónicos les recomiendo visitar el Museo Catedralicio y el Diocesano, donde se podrán contemplar y apreciar piezas únicas, verdaderas joyas de arte en madera, piedra policromada y, sobre todo, de orfebrería.

En torno a la Catedral se apiñan casas blasonadas, con huellas de antiguos linajes, que van configurando estrechas y empinadas callejuelas como las del Oro, Entrefornos, Túnel de las Encerradas, Canicouva, Rúa Nova, Corpo Santo, Plaza do Arco..., y tantas otras que, colina abajo, nos llevan al río Miño, tan ligado a Galicia y Portugal.

**Museo Diocesano:** Está situado al lado de la Catedral, en el Camino Portugués a Santiago. Ocupa el que fuera antiguo hospital de pobres y peregrinos. Edificio de noble arquitectura, construido en el S.XVI por el Obispo D.Diego de Torquemada.

Consta de tres plantas con un hermoso patio central barroco. En la planta baja está situada la sección de arqueología, con 729 piezas catalogadas, entre las que

debemos destacar el "Casco Celta" encontrado en el río Miño, y las monedas del S.III y IV antes de Cristo.

En la planta primera, dedicada a la Orfebrería e Imaginería, entre las muy valiosas tallas, destacamos "Los Novísimos", "Virgen con el Niño" de la escuela de Juan de Juni, e imágenes de la "Virgen de la Leche" (S.XIII) y do Libramento (S.XIV), ambas de piedra policromada. Su orfebrería, muy rica y variada, es obra de plateros locales, españoles y americanos.

Actividad Cultural y Certámenes FERIALES : Esta milenaria ciudad que deja acunar sus recuerdos por el viejo Miño, es lugar donde se celebraron y festejaron - en 1.892 - los Primeros Juegos Florales de Galicia; es cita de famosos e importantes certámenes culturales, como los ciclos de "La música en la Catedral de Tui"; pero sobre todos debemos destacar el "Certamen de Artes Plásticas ciudad de Tui" (Abril) y el "Ciclo Ibérico de Música Sacra S.I Catedral de Tui", que se celebra durante seis días, en tres fines de semana, durante el tiempo de Cuaresma.

A lo largo del año, también, se celebran importantes eventos, como la "Feria Agrícola e Industrial del Miño (FAIM)"; la "HAM-RADIO TUI" y la de "HORTIFLORA", monográfica dedicada a las flores.

**Monte Aloia** : Situado a 7 km. de Tui, fue declarado "Parque Natural de Interés Nacional" en 1.978, su punto más alto está a 629 metros sobre el nivel del mar.

Restos arqueológicos nos hablan de primitivos pobladores. Sirvió de refugio durante las invasiones de los romanos, árabes, normandos y franceses.

Cuenta con una amplia zona de acampada, picnic, parque infantil, etc.; y sobre todo con amplias y hermosas vistas panorámicas sobre el valle del Miño, Miñor, Louriña, Condado, Portugal y el Océano Atlántico.

La cima está coronada por una gran Cruz de granito, a la que se llega por un amplio paseo entre árboles de diversas especies.

Es de destacar la Ermita de San Julián, reconstruida sobre un templo románico en el 1.713; la muralla ciclópica y la casa forestal. En la ermita se celebran las romerías del Santo de su nombre (Julián), a primeros de Enero y

de la Virgen de las Angustias, el primer domingo de Julio.

En nuestro deambular por este hermoso Parque Natural, nos encontraremos con manadas de caballos salvajes, que ponen un punto más de interés en la agradable e inolvidable visita a este frondoso lugar.

**El río Miño** : A su paso por Tui ensancha y amansa sus aguas, permitiendo el poder disfrutar de hermosos paseos en barca de recreo o en piragua.

El "Padre Miño", como también es conocido, es generoso con las gentes ribereñas, siendo el recurso más importante de la economía de muchas familias, que a lo largo de los tiempos han vivido - de generación en generación - de la pesca (angula, lamprea, sáballo, anguila, trucha, salmón... etc.)

En estas aguas se disputa el más importante de los eventos náutico-deportivos de pala en Galicia : "El descenso Internacional del Miño", donde se dan cita miles de personas para presenciar el esfuerzo de cientos de palistas que dan color y espectáculo inigualable por estas aguas del Miño. De la práctica de los deportes de remo y pala ha dado, y esperamos que siga dando, una medalla olímpica en piragüismo, un subcampeón del mundo de remo, varios campeones de Europa y de España en ambas modalidades.

Gastronomía : Esta antigua ciudad medieval no resulta atractiva al visitante tan solo por su historia y paisaje, sino que complace en sus restaurantes a los más exquisitos paladares con manjares tan suculentos como la lamprea, el sáballo, la anguila y la angula; a esta última se la homenajea con un festival gastronómico anual, el Domingo de Resurrección, fecha y acto con el que dan comienzo las fiestas patronales de la ciudad. Todos estos manjares, y muchos más, bien regados con los vinos albariños de esta hermosa comarca del *Baixo Miño*.

Para finalizar, os exhorto a que hagáis una visita a esta ciudad de ensueño : "LA MUY NOBLE Y MUY LEAL CIUDAD DE TUI".

JESUS SIEIRO CASASNOVAS



Especialidad en:

- \* PULPO
- \* COCINA GALLEGA

RESTAURANT  
BAR



ENCARGOS  
POR  
TELEFONO

Dirección: MARIANO DE LA TORRE

TRINITARIOS, NUM. 2 - TEL. 973 20 26 51 - 25001 LLEIDA



# OS XOGUETES E A EDUCACIÓN

Cando chegan as datas do Nadal, a máis de pensar nas vacacións que se presentan, nos días de xuntanza coa familia, na organización das festas,..., hai outra cousa que, escapándose un pouco do que significan estas celebracións, está plenamente cinguido a elas : OS XOGUETES.

A compra dos xoguetes ós nenos está a converterse nun problema, na maioría dos fogares, e abrangue a tódolos sectores da poboación; a uns porque lles mercan tantos ós seus fillos que xa non saben cal escoller, e a outros porque lles supón un gasto importante e os nenos piden de todo; ben porque o ten o veciño ou ben porque o ven pola televisión.

A sociedade de consumo, os medios de comunicación, a compra nas grandes superficies, a competitividade que tamén atrapa ós máis pequenos,..., fan que algo tan grato se convirta, polas influencias externas, nun verdadeiro problema.

Fronte a esta toleira os pais queren poñer un pouco de lóxica á morea de informacións que constantemente está entrando nas súas casas e que fan que os máis cativos hoxe queiran un coche, mañá un mecano e pasado ... ¡¡TODO!!

Pero cando pretendes tomar unha decisión xorden unha morea de preguntas ás que moitas veces non sabes que responder:

- ¿Cal é o máis axeitado para os nosos fillos?
- ¿Son bos tódolos xoguetes?
- ¿Hai un xoguete para cada idade?
- ¿Son perigosos algúns xoguetes?
- ¿Son sexistas?
- ¿Qué é un xoguete educativo?
- ¿O mellor xoguete é o máis caro?

Estas e outras preguntas son as que se fan a miúdo os pais cando empezan a darlle voltas ó tema, e teñen que loitar entre o que eles cren que é mellor para o neno e o que o neno lles pide, porque dende tódalas partes están a metérllle-los polos ollos.

Segundo un artigo do periódico "La Voz de Galicia", do 14 de decembro do pasado 1997, os nenos reciben máis xoguetes dos que piden; converténdose esta cuestión nun gasto de primeira necesidade sen pensar que o que importa non é tanto a cantidade como a calidade, e que a elección non pode nin debe ser superficial.

Os profesionais relacionados coa educación veñen dicindo, constantemente, que o xoguete ten que posuír unhas condicións para convertelo en algo que axude no desenvolvemento e que non perda o seu carácter lúdico-educativo. Pero... ¿candó é educativo? Podemos poñerlle este cualificativo cando é creativo, fomenta a participación, non é violento, non é sexista,



non leva implícitas connotacións de pertenza á clase social, é adaptado á idade, activo, instructivo e formativo...

Unha boa forma de asesorármolos para facer esta compra é botarlle unha ollada ós Temas Transversais que trouxo consigo a Reforma Educativa, pensados para educar ó neno na súa totalidade. Así, podemos falar de "Educación para a Paz", que non nos suxire xogos violentos, e si aqueles creativos e cooperativos.

O Seminario de Educación para a Paz da Asociación Pro Dereitos Humanos, foi galardoado no ano 1989 co premio Emilia Pardo Bazán, do Ministerio de Educación e Ciencia, polo seu labor na elaboración de materiais didácticos non sexistas. Fan unha análise sobre a imaxe que do mundo ofrecen os xoguetes, da súa repercusión no

proceso de socialización e educación, dos efectos da televisión na imaxinación dos nenos, unha selección de xoguetes segundo as idades ás que van dirixidos e un cuestionario moi útil á hora de mercalos.

Cito esto, porque ó mesmo tempo que son algúns dos obxectivos máis desexados, son tamén aqueles sobre dos que menos se reflexiona deixándonos levar máis polas necesidades que crea a publicidade, ca pola utilidade que, tanto lúdica como educativa, poidan ter.

Entón, a modo de resumo, podemos dicir que, ademais da idade do neno ó que vai dirixido, o xoguete ten que te-las seguintes características:

- Ser activo : Xoguetes de construción e similares; tipo mecano, para que o neno poida desarmalo exercitando con el tanto a súa motricidade fina como a súa imaxinación. Mecanos, pelotas, bicicleta, patíns,...
- Non ser bélico : Estaríamos apoiando a gran avalancha de agresividade que constantemente sae pola televisión, e que vai en contra do principio de colaboración que dende a escola se lles trata de inculcar.
- Que fomente a participación : Para que o neno vaia exercitándose no proceso de socialización ó tempo que xoga. Dominós, xogos de mesa, tendas de indios, roupa para disfrazarse, avións e barcos...
- Que non sexan perigosos : É dicir, que non teñan partes afiantes ou cortantes, materiais tóxicos, inflamables...

Finalmente dicir que a importancia do xogo é tal que, nos primeiros anos de escolaridade, a actividade do neno está plenamente baseada neste feito, e todos aqueles que teñen fillos en idade preescolar saben que nas aulas o que máis hai son xoguetes; polo tanto, á hora de mercalos ben vale a pena que nos paremos seriamente a reflexionar sobre a súa importancia real.

**M<sup>a</sup> DOLORES VALES HORTAS**

(Psicóloga)

# A CHAIRA A CARÓN DA CORDA

## Polas Terras de XERMADE, do Foxo ó Alligal



**RAMÓN VILLARES**  
(Xermade 1951)

Un dos máis importantes expertos en Historia Contemporánea de Galicia. Director da UIMP. Ex-Rector da Universidade Compostelá. Autor de varias edicións de Historia de Galicia

Unha ruta de autor ten varias alternativas. Eu escollerei aquela que me remite á percepción máis íntima e directa dunha paisaxe, que coñezo por experiencia propia. Refírome ás terras máis occidentais da Chaira luguesa, aquelas que van desde o planalto de Vilalba cara as serras de Montouto e da Gañidoira polo norte e cara o cordal da Cova da Serpe polo vendaval. Son terras, todas elas, inzadas de pequenos ríos e regatos, que manteñen milleiros de salgueiros, budíos e carballos, que ocupan un espacio que culturalmente non ten identidade, pero que se pode diferenciar aínda que lenemente do resto da ampla chaira lucense.

Terras que estiveron intensamente humanizadas nos tempos prehistóricos, porque están cheas de "modias", que é como se lles chama por aquí ás mámoas. Os castros aínda que non descoñecidos, non foron tan mestos, o mesmo que as igrexas, espalladas e raras. Precisamente desde un castro, hoxe medio esbandallado, o que está por riba da igrexa de Cazás, pódese ver, en día favorable, toda esa chaira occidental, modulada por pequenos outeiros e abrazada no horizonte por cordas que, nas longas invernías, están por veces prateadas.

As terras e as paisaxes son como as persoas. Teñen tempos mellores e peores, perspectivas que lles favorecen e outras que non lles prestan tanto. Estas terras chairegas que son xa de seu moi contrastadas, non admiten a indiferencia do observador. En cada sazón teñen o seu "aqueil" de atraínte sensualidade dunha natureza que se fai patente en toda a súa plenitude. A primavera é vizosa e podente; o verán, quente na forza do sol, húmido e mesmo frío cando o

astro rei se esconde; o outono, tristeiro e demorado como corresponde a floresta de folla caduca. Pero a min, unha das paisaxes que máis me gusta é precisamente a do inverno.

O inverno ten nas terras chairegas unha fasquía especial. Non é que a neve amiúde moito; non é tampouco que faga moito frío. O máis rechamante deste tempo son as luces. Nada mellor do que un solpor do mes de xaneiro para ollar como os raios de sol se coan polo medio de fragas de vellos carballos, por entre as veigas cheas de budíos, compoñendo para o viaxeiro douradas estampas e alongadas sombras, mentres que o bafo que se ergue da terra anuncia unha noite de xeadas. E no medio de tanta luz tamizada polas lanzas da floresta, óense as voces máis diversas: a da arcea en voo rasante, a dos corvos que traen malas novas, a da raposa que asusta ao viaxeiro, e tal vez a da Santa Compañía, que é amiga de saír nas claras noites de xaneiro, cando a lúa está no seu cuarto menguante.

Unha ruta é tamén unha invitación a viaxar de forma dirixida, reparar nalgún monumento ou paraxe natural, e pousar de cando en vez. Eu aconsello comezar a viaxe, vindo desde as terras de Xestoso e Monfero, para chegar aos altos do Foxo, desde onde se ve Vilalba, e mesmo as dúas Labradas, a do Buriz, que está mesmo ao rente, e a de

Montouto, que está na lontananza. Desde o Foxo, cómpre baixar ata o campo da feira de Momán e subir por Cerracín ata Xermade, que reza como capital de concello, antes simple aldea, hoxe xa a piques de se volver vila. Nunca tal pensou don Tomás, do Camiño, que o seu Xermade chegase a tanto... E logo, polo reguengo de Cabreiros, hai que cruzar o río Trimaz e ir cara as terras de pequena encosta de Roupar, onde se senten os primeiros aires que chegan da mariña, cando o aire do nordés couda o bafo da fumeira das Pontes. Logo, virando por Lousada e pola legoa longa, que monte amplo e cobizado, pódense alcanzar as terras de San Simón e Lanzós, abrigosas do norte e xustamente afamadas polos seus queixos. E, para rematar a xornada, suxiro baixar por Santaballa cara Codesido, para visitar as augas do Alligal, avogosas para reumas e doenzas da pel, en calquera sazón, mesmo no inverno.

Esta é ruta de comunión coa natureza. Porque non é terra favorecida pola historia. Nin frades nin fidalgos fixeron nela moita pousada. Os seus señores moraron lonxe dela. Coma lonxe se foron moitos dos seus moradores, ás segas a Castela e Andalucía, á zafra do azucre en Cuba. Pero ficou esta natureza, podente e singular, rodeada de serras e pequenos outeiros, húmida e acuosa, de vida asolagada. Como asolagados están os tesouros na charca do Alligal...



Del peperiódico "La Voz de Galicia" publicado con permiso del autor

# HISTORIAS DA MIÑA ALDEA:

## “De cómo se argallou un casamento”



A miña aldea non ten historia, entendida esta como lugar de grandes aconteceres que a fagan inmorrente. Non hai, na miña aldea, pedras das chamadas **eternas** nin pazos medievais que sexan testemuña da vida de ilustres persoeiros. Tan só hai un castro que ó dicir da xente (que non dos arqueólogos) puido ser unha morada celta. A igrexa da miña aldea non ten máis interese arquitectónico que calquera palleira vella. Ninguén sabe cándo a fixeron nin a qué estilo pertence; onde antano houbo subeiras con forxas ou teares, érguense hoxe os modernos “establos” ¡Coiro! ¡que mal me soa isto de **establo!** pero ¿cómo lle imos agora chamar **corte** a tan moderno *hábitat*, que mesmo parece un parlamento vacún, cos seus escanos e as súas tarxetas persoais, dito sexa con todo o respecto para as vacas? Elas gardan eterna fidelidade ó seu escano, e total lealdade á argola que as cingue polo pescozo. Ademais entenden que están alí para seren muxidas por quen as coida, non para elas muxiren a quen lles da de comer. Pero esta é outra historia que abrangue máis aló da miña aldea.

A historia dun pobo é tamén a historia da súa xente; xente que pola singularidade da súa vida ben puidera ser “inmorrente”. A historia da miña aldea foi - e segue a ser - unha historia falada, que pasa de xeración en xeración ata que se esmorece no esquecemento. É, como digo, unha historia falada endexamais escrita, a non ser polo xuíz, o abade ou o cobrador de trabucos que, en calquera dos casos, non teñen chisca de gracia para escribila. Porque xa me dirán vostedes qué interese literario ou biográfico pode ter un texto que diga máis ou menos así: *Don Manuel de Salgueiro Tralaxesta deixa en herdo ó seu fillo Xosé o Prado do Portelo e máis a Chousa de Larei*. Ou estoutro: *Don Xosé de Salgueiro e dona Gumersinda Cobariza do Toxo cinguense en matrimonio o día 12 de xaneiro do ano 1902 na igrexa de Prado etcétera.,etcétera...*

Pois ese xeito de reseña histórica é o único que se pode atopar, remexendo nos arquivos, encol de tan singular persoeiro como pode ser o tal Xosé de Salgueiro.

Coido eu que outro valor histórico tivera, nembargantes, se no rexistro parroquial tivera don Francisco, (que Deus llo perdoe) - á sazón párroco da miña aldea - a “gracia” de anotar certos detalles biográficos encol de tal casamento. Non tería eu agora que estar *eiquí* espremendo o miolo por mor de lembrar nomes e feitos que fican enmarañados no meu maxín dende que, sendo un neno, lle-los oín contar ós vellos da aldea e que agora quero apreixar para sempre eternizándoos na Historia da Miña Aldea, “corrixindo” así a desidia de don Francisco - que en gloria estea - quen, a bon seguro, non cobrou nin cadela - en todo caso un queixo duro ou unha pica de manteiga - polo casamento.

O texto, para o rexistro, podería ser algo así:

*Na parroquia do Cordal, concello de Tralacorda, sendo as doce do xantar do día 12 do xaneiro de 1902,*

*cínguense en matrimonio: Xosé Salgueiro Tralaxesta e Gumersinda Cobariza do Toxo, despois de chegaren a tal acordo os pais de ámbolos dous contraentes.*

### **ANTECEDENTES**

*Xosé de Salgueiro Tralaxesta, que de rapaz dáballle (coído que por inspiración do demo) por plantarlle lume ós palleiros, cortarlle-lo rabo ás vacas - dos veciños, claro está - e rouba-los ovos das galiñas nas capoeiras alleas, "fálalle" a Hermosinda Cobariza do Toxo, de quen se pode dicir que é capaz de relatar de memoria todo o Antigo Testamento ou cada unha das pasaxes do Evanxeo; tal é a súa memoria, pois ler, o que é ler, non sabe ler nin o ó, cousa por outra parte tradicional na Casa Grande da Cobariza. Tal virtude fíxoa merecente de grandes agasallos e non pouca envexa, nas aldeas do Cordal.*

### **PREÁMBULO**

*É a tal Hermosinda Cobariza a filla máis nova, a máis garrida e xeitosa, das tres fillas (calaría eu eiquí, por respecto, xa que as outras dúas son dous verdadeiros espantallos) con que Deus bendiciu ó matrimonio de Ramón da Cobariza e Manuela do Toxo, donos por herdo da Casa Grande da Cobariza.*

*É, así mesmo, Xosé de Salgueiro (por enriba das xa devanditas "virtudes"), fillo único e polo tanto herdeiro da Casa de Salgueiro; confluíndo na súa digna persoa (é un dicir) a herdanza das lexítimas de cantos bens pertencen a dúas tías solteiras, mais un tío "toco dun pe", que lle chaman de alcume "o Coteno".*

### **INFORMA O CHUFÓN**

*Xusto é recoñecer que se algún "valor eterno" hai no concello de Friol, é, sen chisca de dúbida, o respecto ás costumes e tradicións que gardaron - gardan e gardarán - a xente da Cobariza. E coído que non bardallo ó dicir "valor eterno". pois tal parece que o mundo rolou cara o progreso sen levar consigo á xente da Cobariza. A eles tanto lles ten a mecanización para a labranza. Eles seguen a arar co arado de pau e carrexan cos carros, e soños, tirados por bois. Mallan o pan con mallos e seguen a tece-lo liño no tear.*

*Na Casa Grande da Cobariza non entrou endexamais, azucre, aceite, arroz ou laranxas; eses*

*non son senón lamberetes que amolan os dentes e valeiran o peto. Do porco aproveitan todo, ata o lixo das tripas, que non as lavan no río senón no regato que vai ó seu prado. Os seus xatos e os porcos cebados, son a cobiza dos gandeiros nas feiras de Nadela, Friol e Monterroso.*

*Cando a xeadada queima os eidos do centeo e do maínzo, só "respecta" as leiras da Cobariza; uns din que é porque Ramón, cada domingo de Ramos, ponlle devotamente un ramalliño de loureiro bendicido, ben espetado no suco e facendo unha cruz cunhas folliñas de oliva no curuto do ramallo. Outros, pola contra, din que o que pasa é que os labradíos da Cobariza están todos encarados para o sol e ó abrigo do Norte. Sexa cousa de Deus, ou do Sol, ou do Norte., é o caso que cando a fame chama á portas dos desposuídos pola xeadada, non hai máis remedio que petar á porta da "abundancia", ou sexa, á porta da Casa Grande da Cobariza, e aceptar, xa que logo, o prezo que Ramón lle pon ó ferrado de pan e que varía segundo a necesidade do "xiringado", poñendo en tal caso, como aval, un leiro ou unha chousa; por iso moitos dos seus eidos, teñen nomes coma: a chousa da Fanega, o leiro do Ferrado, etcétera.etcétera... e non se refire precisamente á súa medida agraria.*

*Na casa da Cobariza houbo sempre - hai e haberá - cartos, moitos cartos. As paredes medianeiras entre as cortes, están cheas de buracos ateigados de cartos que testemuñan a historia da moeda dos derradeiros séculos ( onzas ,maravedís, billetes e calderilla de tódolos tempos ). Só cando alguén morre recobran o seu valor de curso legal para o troque, algúns dos maciños de billetes máis afortunados. Pois compren cartos - moitos cartos - para paga-lo prezo dun cadaleito de buxo ( tódolos cadáveres que houbo - e haberán - na Casa Grande da Cobariza levaron e levarán cadaleito de buxo ), os máis de cen fachóns de cera que arderán na tumba fúnebre, así como os máis de trinta cregos (de cotío acoden á capela da Escola Cantorum da catedral de Lugo), que non entran na táboa dos previstos polo párroco de turno. E, ¿como non dicilo?, os primeiros vinte pesos para o primeiro responso - que o crego poñerá na man, de xeito que a xente os vexa-; así como unha provisión de fondos que*

van dereitos ó peto, e que abonden para garantirlle o canto dos responsos deica a igrexa, (caso de que a xente non estea dadivosa ), pois sería abafante para a familia que se deixara de cantar por falta de pago.

#### **CONCORREN:**

Dunha parte : Ramón da Cobariza e a súa dona Manuela do Toxo.

Doutra parte : Manuel de Salgueiro e a súa dona Casilda Tralaxesta.

Teñen xuízo de abondo para tratar e se comprometeren.

Obran en nome propio e dos futuros noivos, que asisten á xuntanza, pero sen voz nin voto.


#### **EXPOÑEN:**

Que tendo o tal matrimonio Cobariza-doToxo, tres fillas casadeiras, que lles chaman, por orde de idade: Gumersinda, Redosinda e Hermosinda (é tradición que os nomes das mulleres da Cobariza rematen en "inda"). Coñecido o feito consumado de que o fillo da familia Salgueiro-Tralaxesta "fálalle" - vai para sete anos - á filla máis nova, chamada Hermosinda. Pasando por alto o "pecado" de desacato os costumes e tradicións da familia, ó mocearen con idea de casamento, sen ter en conta que hai dúas fillas máis vellas sen casar. Perdóalles Ramón tal desacato, e

#### **ACORDAN:**

Que Xosé de Salgueiro, casará con Gumersinda Cobariza, percibindo o dote que en tales casos adoita a leva-la muller que casou - casa, ou casará - para fóra (que foron cantas casaron, dende que o mundo é mundo, na familia Cobariza, xa que para a casa sempre casou home, por mor de non perde-lo apelido); isto é : un carro, dous bois, un porco cebado e vinte varas de liño tecido, entre estopa, lenzo, e candil.

Recoñecendo, Ramón da Cobariza, que a tal Gumersinda é menos "agraciada" (verdadeiramente semellaba un rascadoiro ) cede á petición de compensación, feita polo futuro consogro (en defensa dos lexítimos dereitos do rapaz), engadíndolle ó



tradicional dote un unto rancio de seis anos que pasa de tres arrobas pesado coa romana de mercar, non coa de vender...

Chocan as mans os consogros en sinal de "trato feito". Pero Manuel de Salgueiro - que non é home que deixe "cabos ceibos"-, aínda conseguiu que Ramón da Cobariza corra cos custes de lle pagar ó carpinteiro por lles facer un leito máis axeitado ás medidas da rapaza; porque na casa de Salgueiro sempre foron pequeniños e, de ben pensado, non tiñan a culpa nin el nin o seu fillo, de que a filla máis vella de Ramón da Cobariza medira case un metro por enriba do seu fillo.

=====


Como trato de dicir ó principio deste relato, con esta pequena - pero significativa escolma de datos - arrincados á memoria do tempo que pasou, pretendo corrixir a lamentable desidia dos funcionarios e cregos de tódolos tempos, ós que culpo da falta de historia escrita da miña aldea.

Sinto en min a comprensible fachenda de dar a coñecer ó mundo cómo Xosé de Salgueiro trocou a muller por un unto, e pode que saíra gañando no trato.

XOSÉ A. BARREIRO SOMOZA

# INTER LLEIDA MOTOR, S.L.

## ESPECIALISTAS EN AUTOMOCION



Especialistas en la  
reparación de motores,  
inyectores de gasolina,  
reparaciones y reconstrucción  
de cajas de cambio.  
Presupuestos sin compromiso.  
Distribuidores de compresores  
nuevos, frenos, vehiculos industriales  
y su recambio



Pol. Ind. El Segre, c/ La Fornal, 84 - 25191 LLEIDA  
Telf. 973 21 30 30

# TOT DIESEL Asysum, S.L.

## Fabricación y Taller de Reparación



Les efectuamos diagnóstico  
de sus inyectores diesel  
sin cobrarles una peseta  
Reconstructores de bombas  
inyectoras, turbos e inyectores



Pol. Ind. El Segre - Area Nido, c/ Minería, parc. 20 • 21191 LLEIDA  
Telf. 973212188/973212189/973212190 - Fax 973212192

# GALICIA

## TERRA, XENTE, LINGUA, POBO

### A aldea

Milleira aldea de antonte:  
verba máxica, feitizo de verdores.  
Recendo de esmaíos de herba, rumiada  
en pesebres mornos  
pesebres de vacas pintas  
e marelas, tamén mouras; estrumes de toxo en flor.  
Mol enxamio de mil cores.

## II- XENTE

### A-2) No alborexar da Historia.

Por vez primeira atopámonos coa testemuña escrita:

Fontes do mundo clásico fálannos do pobo dos "oestrymnios"; e esta testemuña venenos da man de Avieno, escritor grego, que recolle na súa obra "Ora Marítima" as novas da viaxe dos tartesios de Andalucía ás illas Oestrymnias na procura do estaño. Á súa vez, a tal obra, baséase noutro escrito do século VI a.C. chamado "Periplo de Eutimenes" onde se fala de "Ophiusa", terra de homes fortes e habelenciosos que van polo mar a cabalo de embarcacións de coiro para exercer-lo comercio.

Velaí as primeiras alusións, escritas, ó NO. da Península no que a presenza dos celtas "saefes" (trabucados fonicamente con "serpes"), que paseniñamente botan fóra, ou asimilan, ós pacíficos oestrymnios e daganos, tamén está reflectida. Máis aínda: continúa a teima, cunha tradición irlandesa sobre o poboamento desta Illa polo mítico Bréogán, explorador de Ibernia e pai doutras cinco irmás (Bretaña, Escocia, País de Gales, Cornualles e a Illa de Man), que seica traslada a Irlanda unha colonia de "brigannios"; de aí que a relación galego/irlandés tivera visos de ser ben estreita na súa configuración étnica. Despois seguirase a matinar no celtismo galego por mor de escritores como Mela, Estrabón ou Plinio que aluden ós "celtici", poboadores dos castros (sinxelas construcións ovais e redondas ou cadradas e rectangulares: Troña, Coaña, S. Cibrao das Las...) dispostos estratéxicamente para refuxio en liortas e guerras, ou de citanias (asentamentos de vivendas máis permanentes á maneira de cidades amuralladas) como as de Briteiros, Sanfíns, Sta. Tegra... Estes poboados castrexos ( Abel

Bouhier contabiliza de 2000 a 2500) vanse repartindo de forma desigual pola xeografía do chan galego: ó N. e SE. constátanse cada 40 ou 50 Kms. mentres que en comarcas coma as Mariñas, Ulloa, Tabeirós ou Deza aparecen entre os 6 ou 7 alternándose ás veces coas "agras", máis abundosas na zona central.

E é curioso constatar tamén como o mesmo Estrabón na súa "Xeografía" fai un retrato do primitivo morador destes asentamentos: montañés, de cabelos longos (como os das mulleres) que dorme no chan e que come carne de cabrón e pan feito de landras. A agricultura e gandería estarían a se-la base da súa actividade económica ata o punto de que no último Congreso internacional sobre o celtismo (Ferrol, Novembro de 1998) atribúeselle a esta cultura, a gastronomía das "filloas" e da "carne ó caldeiro". Nembargante, caza, marisqueo e explotación de minas co comercio de metais (de técnicas tan perfeccionadas que aproveitarán máis tarde os romanos), non lles son alleos, coma xa vimos.

E toda esta distribución xeográfica dos Castros dará lugar, moi posiblemente e andando o tempo, ós núcleos agrarios chamados "aldea", termo que se relaciona co vocábulo árabe "ad-dhia" transformado en "al-dhia" despois, e evolucionado finalmente ata chegar á palabra actual. Pois ben, a pequena aldea asociada a outras polo vínculo comunitario coñecido co nome de parroquia, xurde moi probablemente desa ermida ou construción relixiosa arredor da que se vai organizando o "lugar" de asentamento ao pé dos emprazamentos castrexos. Ben puidera ser este feito, a orixe, o xérmén das nosas aldeas galegas, elementos salientables e imprescindibles na vida socio-económica da Galicia futura.

R.G.M.

# *Non é sempre o toque a dó badalada por un morto*

(urdas e tramas da aldea)

(Ás nosas aldeas tecedeiras das  
burbullas da lembranza)

[Reproducción modificada da narración poética :

"Poema humorístico" publicada na 1ª Revista "XURDIMENTO"  
(1978-79), co gallo do 20 aniversario da súa publicación primeira].

-I-

Alá na TERRA DE MONTES  
nun dos fermosos Outeiros  
que a fecunda e tenra Nai de morno ventre  
á luz dera  
tres mulleriñas vivían;  
e por seren galdrupeiras,  
rabuxas  
e de abondo liorteiras  
moitos falaban de pratos  
que unha e outra vez mantiñan  
coas Oovas e os seus parellos espíritos,  
nas feiras de bruxería.  
Rifar... ¡ao de Deus!  
tan ben rifaban que, en tódalas tarapuxas,  
ata dos fentos e pedras sacaban seica... fariña  
e se os demais asubiaban  
a elas... o aturuxo lles compría.

-II-

Cos rapaces hai que velas:  
- ¡lampantíns! ¡mamalóns!  
¡condanados do inferno!- lles dicían  
cando a chamarlles na porta  
por mor de encirra-las ían.  
Asemade,  
e se a boca da cociña bocexaba  
con sinalado descoído,  
ese inimigo xarelo, sempre á espreita,  
nela entraba "ultralixeiro";  
e na ubre daquel pote (que, de tan vello,  
as muletas da trébede precisaba),  
despois de que os cinco pechos da súa carlinga  
abríranse pró combate,  
ían caíndo en voo libre algúns ratiños...  
ou sapos que impactaban  
nunha manchea de verzas, media ducia de patacas  
e un anaco de touciño  
navegantes ó garete daquel mar curto e pechado  
ata que se decataban Trega, Xaquina ou Costanza.  
Así é que en turno de réplica  
ou máis ben de contraataque do "retén de artillería",

voaban "catapultados":culleres, noxentos testos,  
algunha triste forquilla...  
¡quen sabe!  
só Deus e os lombiños tenros tiñan bo coñecemento  
do que das fiestras saía;  
mentres, petando nos cus, uns zocos repequeneiros  
(estoxos de remates das dúas pólas  
que sosteñen "gaitas" lenes)  
coma lóstregos liscaban ao tempo que,  
en repenique,  
tanisca que taniscaban os calzóns  
dos seus "pandeiros".

-III-

Mercaran as tres mulleres unha burra  
de estreiteza moi cumprida:  
famenta, vella e ,máis que fraca, esnacada  
esmoredida;  
a pel de tal transparencia  
que ata o bandullo se vía  
e a osamenta do esqueleto (en canto dos febles beizos)  
orneaba,  
compoñendo cos arrotos cerellos de sinfonías  
sinfonías de carracas  
como xacando soaban no serán das Tebras Santas  
nas tardes dos Santos Días.

-IV-

Unha noite...(¡vaites noite!)  
das que o toleirán Nubeiro  
esborranha o nidio ceo de cores grises e negras  
provocando co seu chuzo  
medoñento escintileo...  
Unha noite...(¡vaites noite!)  
daquelas en que lle peta ao santo señor San Pedro  
arrastrar no firmamento  
os zocos de mil chatolas  
por altos vieiros de pedra... e,  
coma quen non fai ren,  
arranxar con brincos ceibos de meniño xarandeiro  
millóns de muxicas de auga  
das celestes porcas preñas...



Nesa malfadada noite en que os ouveos  
e os berros da curuxa maillo moucho  
espantos ventan,  
¡¡¡oíuse a campá da igrexa!!!

O seu agoreiro son:  
teimo e canso  
canso e teimo,  
o seu triste toque a dó  
puña en todo o sangue... ¡medo!

-V-

O cura na Rectoral non acerta  
con quen sexa o morto  
polo que toca  
nin quen fose o que a tanxera.  
E a tocata, paseniño, espállase pola aldea:  
-¿quen morreu? ¿quen morrería?  
Todos calan. Ninguén chía;  
só na súa badalada o rouco ¡tam! tremecía.  
E se alguén de "aquí estou eu"  
ata o adro se achegara  
¡lévenme tódolos demos se non tornaba  
sen fala!  
facéndolle competencia ao Santo coa súa tronada  
máis que dicir (¡que sei eu!)  
ou tateaba ou bruaba:  
e que vira (¡que sei eu!)  
unha cousa esganifada,  
un non sei que (¡que sei eu!)  
que voltexaba, e voaba  
baixiño, rentes do chan,  
amosando unha tolemia de dedos cobreguizados,  
como se fixesen muda cobras,  
tan entoleiradas,  
que soerguesen as camisas  
para logo enfocíñalas.  
-¡Mí madriña!, Sacondino,  
¿serán as baldreus das meigas  
que din que de cando en veces,  
de non poderen xuntarse nos areais cos trasgos,  
ou veñen a dar en serpes  
ou en morcegos rabeados?  
- Pois quizais teñas razón.  
Pois terás razón quizabes.  
-¡Meigas fóra! ¡que van sere!  
(entra en conversa a entendida)  
¡que van sere en lugar sagro!,  
a ñorancia, Maripepa, a ñorancia  
éche atrevida;  
¿ou non vedes que eses feitos  
a algunha ánima en pena  
estalle a da-la autoría?  
E as vellas acenden velas  
con que aluma-las almiñas.

- VI-

Vanse apoleirando as horas en péndulos preguiceiros:  
ós Martiños e ás Maricas non lles da pasado o tempo  
Xa está a cae-la "unha", arrepuiñada, arrecida;  
e as "dúas", que se arremuíñan  
en recatos mentireiros,  
arrolican olleadas, de pavor  
estarecidas.  
A xente pasa esa noite con rezos e ladaíñas  
¡e canto tarda a clarexa,  
a nadegada do día!

-VII-

Ao fin escóitanse, lonxe,  
primeiros cantos de galo;  
as xentiñas das súas casas van saíndo,  
moi amodo, concertando cada paso.  
Coma en "rosario de aurora", pro caladas,  
en ringleiras esquemáticas,  
chegan ó adro da igrexa ollando a tódalas partes.  
Neste intre...  
os ollos viran duns en uns e dunhas noutras:  
¿que é o que pasa, meus santiños?  
¡risadas decote estoupan!  
Alí, no medio do adro, a burra das "tangarañas"  
con lenzo vello e rachado (á maneira dun pantasma),  
ten a testa atada á corda que tamén a campá ata.  
Ao seu arredor, nun circo,  
cheirosa herbiña lle chama  
pois en desfeitos feixiños é manxar  
prá esfameada;  
volvíase, a probe, tola en tratando de alcanzala  
mais, ¡tam! ¡tam!, só conseguía  
facer que a campá roncara.  
-¡Centella coma ós rapaces!- din os vellos,  
refungantes.  
O adro ferve a cachón, coas bromas aguilloantes.

-VIII-

Tecedeiras a porfía da urde e trama da aldea  
as mulleres prá lareira, voltan ledas,  
balbordantes;  
e coas tesoiras dos beizos, sobre as teas do camiño,  
córtañlle á súa aldea, traxes.  
¿ U-los homes? :  
-¡Gjou! ¡Gjou, Zreixa! ¡Gjou, Fidalgja!  
¡Achégate, carrapucheira! ¡non me deixes en xaxún!  
- (¡Bule ! ¡bule!, meu homiño)  
- ¡Ei, marelo! Cara ó muiño  
que hei arranxa-la súa cruz.

ROSA G. MAHIA

# Recuncho da poesía

## Ós poetas galegos medievais

(Cantiga estreada en Lleida polo Coro  
CENGALLEI co gallo da celebración  
das "Letras Galegas" 1998)

As ondas do mar e o vento  
levan verbas de cantiga  
que alá no medio do tempo  
uns poetas inseriran.

Dende entón ducias de estrelas  
teñen o nome aprendido :  
Martín Codax, Xoan de Cangas  
e o requintado Mendiño.

Eixo e rodas das súas vidas  
fan seu carro de luceiros

que enche as noites de Galicia  
de laios namoradeiros.

Ao mar de Cangas e Vigo  
régano ollos de amor tenro  
que en caracolas de olivo  
bogan após dun barqueiro

As gaivotas cos seus bicos,  
nas mans do ar lapiseiros,  
erguen dos cabalos de auga  
trobas, celme do medievo.

ROGOMHIA  
(Lleida 20-Xuño-98)

---

## Na xubilación dunha docente

### Aos meus alumnos

Tesouro dos teus pais,  
alumno meu :  
sempre escoitarei a túa voz,  
distorsionada ás veces,  
despois de que a cavidade oca do vento  
a posuíra.  
Pero, malia todo,  
pasei pola túa airexa  
a furto  
sen achanza-lo teu carreiro.  
Que ninguén se afoute a facelo.  
Deixei no meu andar  
sobre os degoros teus,tantas veces  
agochados  
de saber,  
farrapos de ña vida  
lampexos de existencia.  
Axíña afundiranse as pisadelas miñas  
na gran mestura da miña procedencia  
e o meu nome  
diluírase nas augas verdes do teu océano.  
Mais eu,  
feita terra nutricia  
e alfombra dos teus pasos  
estarei sempre aí,  
pequena partícula da túa mente,  
pendurada da árbore da lembranza  
para quizabes darche lume  
algunha vez


### A mis alumnos

Tesoro de tus padres  
alumno mío :  
siempre escucharé tu voz,  
distorsionada a veces,  
en posesión de la oquedad del viento.  
Pero, a pesar de todo,  
he pasado sobre tu brisa  
de puntillas,  
sin violar tu sendero.  
Que nadie se atreva a hacerlo.  
He dejado en mi andar  
sobre tus ansias, tantas veces ocultas,  
de saber  
jirones de mi vida,  
destellos de existencia.  
En breve mis pisadas  
se hundirán en la gran mezcla de mi  
procedencia  
y mi nombre se diluirá en las aguas verdes  
de tu océano.  
Mas yo,  
hecha tierra nutricia  
y alfombra de tus pasos  
estaré siempre ahí,  
pequeña partícula de tu mente,  
suspendida del árbol del recuerdo  
para quizás darte lumbre  
alguna vez.

ROSA GONZALEZ MAHIA

### Als meus alumnes

Tresor dels teus pares  
alumne meu :  
sempre escoltaré la teva veu,  
distorsionada de vegades,  
conquerida pel forat buit del vent.  
Però, malgrat tot,  
he passat per sobre de la teva brisa  
de puntetes,  
sense violar el teu camí.  
Que ningú gosi fer-ho.  
He deixat el caminar meu  
sobre les teves ànsies,tants cops amagades,  
de saber  
esquinçalles de la meva vida,  
espuirigs d'existència.  
En breu les trepitjades meves  
s'esfonsaran en la gran barreja de la meva  
procedència  
i el meu nom es diluirà a les aigües verdes  
del teu oceà.  
Però jo  
feta terra nutricia  
i catifa de les teves passes  
sempre hi seré,  
petita partícula de la teva ment,  
suspendida de l'arbre del record  
per, potser, donar-te llum  
alguna vegada.



J. MADORELL

A. AGUSTI

DISSENY D'INTERIORS

Passeig de Ronda, 57 - baixos

Tel. 973 28 19 48

Fax 973 26 32 31

25006 LLEIDA



**Servicios Permanentes:**

Taxi 8 plazas • Microbús • Autocares  
Viajes • Excursiones

**GESTION Y CONTABILIDAD:**

Pasaje Loarre, 4  
Tel. 974 41 61 31 - Fax 974 41 62 02  
22400 MONZON (Huesca)

Avda. Monzón, 30  
Tel. 41 24 88  
Part. 974 41 23 51 - 974 41 23 79  
22422 FONZ (Huesca)

# Actualidade do fútbol galego

Nestes últimos anos, os nosos equipos máis representativos no ámbito nacional e europeo, como son o  *Depor*  e o  *Celta* , están a facer historia cos seus logros deportivos insospeitados fai tan só cinco anos, xa que estiveron a piques de baixar de categoría, un por asuntos burocráticos e o outro por outros motivos deportivos.

O  *Depor* , da man do moi estimado **Arsenio** (O "*Bruxo de Arteixo*"), salvouse de perde-la categoría e en dúas tempadas fixo un equipo que se codeou cos mellores equipos, tendo acceso, incluso a competicións europeas, nas que fixo un moi bo papel. Hai que resalta-lo seu mérito, pois temos que lembrar que, na época de Arsenio, o 80% dos xogadores eran nacionais e a maioría deles saíran dos seus respectivos equipos, foran "rexeitados", e o propio Arsenio, con moi bo tino, con man sabia, tiroulles un gran rendemento. Non obstante, a má sorte acompañoulle naquel fatídico penalti fallado no tan lembrado partido final de liga, nos últimos minutos do último encontro de liga, que lle privou de seren campeóns. Houbera sido un brocado de ouro para a carreira deportiva de Arsenio. Penso que o tiña ben merecido, pois non foi valorado na súa xusta medida ( como era da casa...)

O  *Celta* , leva dúas tempadas facendo un bo fútbol e codeándose cos mellores equipos, nacionais e europeos; cousa que é de agradecer, en gran parte, ó seu presidente e colaboradores, posto que sen facer moito ruído (como bos galegos que son) teñen acadado fichar, con moito tino, xogadores con pouco renome dentro do ámbito nacional e europeo, pero que están dando moi bos resultados. Na actualidade están a facer (ao meu pensar) o mellor fútbol da liga nacional, superando con creces a equipos que lle triplican no seu presuposto, e por estas datas están chegando moi lonxe nas compe-

ticións europeas. É natural resalta-lo traballo de todo o equipo técnico, dirixido formidablemente por *Víctor Fernández*, sen os que sería moi difícil que os xogadores plasmasen este gran fútbol sobre o terreo de xogo. Pois eu coído que con iso están a crear unha época que será moi difícil de superar e de esquecer.

Teño un grato recordo para o  *Compostela*  (o noso "*Compos*"), equipo que logrou estar en Primeira división unhas tempadas, facendo un papel moi meritorio, xa que era moita a diferenza de presuposto cos demais equipos, e isto á larga pasa factura. Agardamos que este ano se adapte á categoría, e nun par de tempadas volva outra vez á primeira división, entre os grandes.

Para finalizar, sinto unha debilidade especial (¿morriña?) por un equipo que marcou unha época entrañable : o  *Pontevedra* . Equipo que caeu moi simpático en toda España. Estivo cinco ou seis anos en primeira división, subindo dende a terceira á primeira case coa mesma plantilla. O seu capitán, famoso e coñecidísimo "*Cholo*", como mostra de honradez e entrega, compangaba o fútbol co seu oficio de chofer de autobuses, e nesa época percorreu toda a xeografía española e fixo famosa aquela frase que se repetía por tódalas partes, de : "*Hai que roelo*". Oralá que continuemos contando con novas fazañas e grandes logros acadados polo fútbol galego.

Aproveito estas liñas para enviar un saúdo moi agarimoso e cordial a tódolos socios e simpatizantes deste fenomenal Centro Galego de Lleida.

MANOLO BUJAN ÁLVAREZ  
(Adestrador de fútbol)

## INSTITUCIÓNS COLABORADORAS



PRESIDENCIA

SECRETARÍA XERAL PARA AS RELACIÓNS  
COAS COMUNIDADES GALEGAS



Paeria Ajuntament de Lleida



Diputació de Lleida



Consell Comarcal del Segrià



Departament de Benestar Social de la Generalitat de Catalunya

Federación de Centros Galegos de Catalunya

Federación Casas Regionales de Lleida

# A identidade como principal preocupación do “Saber Popular”

Podería parecer unha inxenuidade afirmar que o que máis lle preocupa ó galego é mesmo o problema da súa identidade. Se lle preguntáramos a calquera galego por qué se esforza tanto; cal é a principal razón da súa loita na vida, con toda seguranza respondería afirmando que todo o fai pola súa familia, por alcanzar un benestar digno, para poder facer fronte a unha enfermidade inesperada, polos cartos... Dende logo non se lle ocorrería a ninguén dicir que está a traballar por dignificar ou recuperar a súa identidade. Se cadra, nin tan sequera se lle ocorreu nunca pensar que podía significar esa palabra, polo menos, fóra do contexto do que é o D.N.I. ou o Pasaporte.

Endebén, o “saber popular”, é dicir, a literatura popular – contos, lendas, cancionero, refráns – testemuñan claramente o contrario. Limitémonos simplemente, aínda que só sexa por razóns de espazo, a observar algúns exemplos do cancionero. No lugariño de Oliveira, do concello coruñés de Corcubión, recollemos esta fermosa cantarea de despedida:


“Vámonos aquí, meu ben,  
vámonos aquí, meu ben:  
que nos tiran de pedradas  
e elas do aire non vén.”

É sen dúbida, unha cantarea de ruada, se cadra de romaría, coa que o cantador ou cantadora, dende logo doutro lugar distinto do que se está a celebrar esta leda xuntanza, lembra simplemente a oportunidade de lle

poñer remate á festa. No convite da moza ou mozo ó seu amigo ou amiga a abandona-lo lugar onde se atopan non debemos ver nin a sospeita de que realmente teñen que irse porque alí os tratan mal; nin moito menos, porque os estean a apedrear, como literalmente di a cantarea. Tal situación, no caso de que se dera, motivaría, non unha cantarea, senón un enfrontamento entre os mozos do lugar

ofensor e do ofendido, de consecuencias imprevisibles.

Esta cantarea só é unha autoafirmación do cantador ou cantadora de que é doutro lugar; é dicir de que é dalgunha parte ou mellor aínda de que é dun lugar concreto. Primeira manifestación da identidade dunha persoa, ou pobo: a pertenza a unha terra determinada. Só



os ninguén son de ningures.

Outra cantarea, tamén de despedida, recolleita esta no lugar de Sardñeiro do concello coruñés de Cée, insiste máis moderadamente, na mesma idea:

“Si vos ris que vos riades,  
si vos ris que vos riades:  
eu marcho para miña terra  
e vós na vosa quedades”.

Con toda seguranza esta cantarea, evidentemente de despedida, é propia de romaría, xuntanza festiva na que comparecen mozos e mozas, familias enteiras de diferentes parroquias, ás veces de moi lonxe, que acoden a pedir á Nosa Señora – santo ou santa, segundo a advocación do santuario – favores moi diferentes, de

acordo coas necesidades de cada quen; ou tamén para engrandecer os xa recibidos. Despois de varias misas, da procesión arredor da igrexa, baile da saída da Misa Maior e un bo xantar na carballeira, os romeiros de lonxe van tomando, pouco a pouco, ó son de gaitas e pandeiros, camiño de volta ó seu lugar de orixe.

Nas cantareas de despedida, como acontece nas dúas citadas, os cantadores aproveitan para afirmala súa identidade; é dicir, a súa pertenza a un lugar determinado, ou, como neste caso, a unha terra diferente. O Cancioneiro pon claramente de relevo, segundo puidemos amosar ó longo de máis de 2000 cantareas publicadas en *O Correo Galego* de Santiago de Compostela, que, ademais da reivindicación propia de cada parroquia e lugar, o pobo diferencia claramente entre as terras da montaña e as da ribeira.

As diferencias son sinais de identificación, definidoras, na súa aparente inxenuidade, da identidade propia. Deste xeito a terra aparece coma o primeiro sinal da nosa identidade, se cadra, simplemente coa única precisión que establece o propio refraneiro cando nos lembra que “o boi é de onde paze, non de onde nace”. Naturalmente, o que importa, entón, é coñecer as condicións e cualidades desa terra que nos define e identifica a cada un de nós. O noso cancionero de lugares, con algo máis de 800 cantareas, salienta, por exemplo, coma valores identificadores do noso, o seu carácter acolledor – segundo podemos ver na primeira cantarea citada –, a súa condición de ser nosa – “eu marchou para miña terra” –, de dar boa mazá e boa pera, de ter as mellores mozas, as máis honradas e traballadoras e os mozos máis valentes, etcétera.

Estas calidades defínense, naturalmente, por oposición coas dos lugares e terras alleas; é dicir, poñendo ás veces de relevo os vicios e defectos dos outros. É só un modo retórico de autoafirmación do propio coma mellor; non necesariamente unha necesidade de atacar o lugar outras terras veciñas. En realidade, os outros simplemente non son; non teñen identidade. Especialmente expresiva é neste senso, esta outra cantarea recollida no lugar de Pereiriña, no concello coruñés de Cée:

“Pasando por non sei onde  
encontrei non sei a quen;  
na casa de xa me esquece  
¡non me podo acordar ben!”

Moitas veces a necesidade de poñer de relevo unha virtude propia, como na seguinte cantarea recollida no

lugar de Lira do concello coruñés de Carnota, pode parecer ofensiva para o termo elixido como comparación, neste caso a terra da montaña fronte á terra da ribeira:

“Eu caseime para montaña  
para unha casa de pan :  
o forno da miña sogra  
sodá feitos no vran”.

Estas diferencias, entre parroquias, lugares, montañeses e ribeiráns, non teñen, endebén, porque significar ningunha clase de enfrontamento. Pódese dicir, incluso, que estes, cando teñen lugar, non son máis ca maneiras de autoafirmación da identidade propia. As tradicionais liortas nas festas entre mozos de lugares ou parroquias diferentes non significaban, en xeral, intentos de resolver vellas contendas entre ambas, se estas, á súa vez, non tiñan a súa orixe nalgunha cuestión de respecto á identidade do contrario. A rifa é só para amosar que é cada quen, e naturalmente, para alcanza-lo recoñecemento por parte do outro de que é mesmo iso que cre e di ser.

O feito, sen dúbida, de que a cuestión da identidade pareza algo indiferente ás nosas xentes debe ter a súa explicación en que, simplemente, para elas, esta é soamente unha cuestión que se dá por suposta. Por iso, se cadra, preguntarlle a un galego que é iso da reivindicación da súa identidade é dicir que é iso de que reivindique ser galego, é só, se non fomos tan respectuosos cos demais, un simple motivo de risa. Non se trata, de certo, de que sexa unha cuestión que nos despreocupe, senón de que non sentímo-la necesidade de propoñela.

Dise de nós que nunca se sabe se subimos ou baixamos; que nunca respostamos si ou non. Na nosa lingua, nin tan sequera existe unha palabra propia para dicir si. Contestamos simplemente repetindo as palabras da pregunta. Por exemplo : ¡Vés? - ¡Vou!; ou: - ¡Non vou! Preguntarlle, por exemplo, a un galego ¿qué é ser galego?, ¿en que consiste a túa identidade?..., se o galego – insisto –, non fora tan respectuoso, seguramente : ¿ser galego? É ser eu mesmo. Porque iso é certamente o cerne da cuestión da identidade : sermos nós mesmos.

Naturalmente, a literatura popular, o refraneiro, o cancionero, non teñen por qué andar con estas reviravoltas. E din o que hai que dicir: quen somos e quen queremos ser.

**PROF. MANUEL QUINTÁNS SUÁREZ**

# LENDAS

A identidade histórica de Galicia é tan evidente que non é preciso salientala. É un feito ben coñecido. Son moitas as caracte-



terísticas desta identidade que a converten xa nunha entidade específica dende que no

ano 137 denantes de C., o romano Decio Xuño Bruto colleu o alcume de "Galaico".

É de sobra coñecido o feito de que no ano 409 entraron os suevos na península e, dous anos despois, están xa en Galicia. Ó pouco xa eran donos da Gallacia, entendendo que abranguí a actual Galicia, Norte de Portugal e a meseta norte ademais de Asturias, Cantabria, parte do País Vasco – incluíndo Bilbao e Vitoria – chegando os seus lindes polo leste a Calahorra, Numancia e Segovia. Ás veces, un pouco menos dado que os suevos vivían, preferentemente, na zona do que hoxe é sur de Galicia e Norte de Portugal e, como non eran tantos como para espallarse moito, o que facían era ter como zona de influencia e control o resto dese territorio. Así nace o primeiro reino da península e unha das primeiras monarquías do Occidente.

Se coñecemos xa de entrada ese carácter específico, sabemos tamén que a forxa, na que se lle deu forma, foi o devir da historia, ó longo da que se foron acugulando elementos externos que, ó iren chegando, ían conformando a nosa realidade.

Non tratarei, hoxe, dos tempos máis recuados, nos que, por diferentes razóns, Galicia tivo contactos con pobos diferentes, (mesmo cos de Irlanda, Gran Bretaña e Armórica -actual Bretaña Francesa-); dos que hoxe si que me vou ocupar, pero limitándome soamente a un tipo de semellanzas moi concreto.

Ocupareime, xa que logo, dalgunhas semellanzas culturais de Galicia, con outras fisterras, cinguíndome a lendas que nos levan, por camiños bretemosos, a feitos que se vencellan a outros feitos do arredor do Século V da nosa era.

Falarei dunhas lendas que son parte das testemuñas dun mundo conceptual compartido por ese

conxunto de pobos que son Irlanda, Cornualles, a Bretaña e Galicia.

Cando os anglos e os saxóns atravesaron o mar e chegaron á Gran Bretaña, loitaron contra os bretóns, pero estes remataron por fuxir ata o oeste, instalándose no País de Gales, Strathclyde, Devon e Cornwall, que pasan a ter un exceso de poboación. Prodúcese fame, epidemias e, consecuentemente, tensións entre os antigos habitantes e os recién chegados.

Buscarase unha solución, xa noutrora practicada por moitos pobos : emigrar. Así foi que moitos botáronse ó mar nas súas naves en procura de novas terras.

Moi preto estaba Armórica, case arruinada e despoada. Parroquias enteiras, cos seus cregos ou monxes pasaron polo mar ata aquelas terras nas que contan que aínda había a relixión céltica con rituais druídicos. Trala chegada dos bretóns a Armórica pasou a se-la Pequena Bretaña, ou simplemente, a Bretaña.

Mais non todos pillaron ese rumbo.

Algúns navegaron cara ó sur e viñeron dar á costa norte de Galicia, onde xurdiu unha comunidade bretona. Fundaron un mosteiro do que o abade viña sendo o bispo. Non é o caso falar agora das probas históricas, pero sabemos que ese mosteiro foi a orixe da diocese de Mondoñedo.


As lendas que vou mencionar poden ter semellanza, por moitas razóns, e unha delas polos contactos que houbo entre estas terras. Eses contactos viñeron por outras vías, pero os feitos que veño expoñer aportaron, sen dúbida, o seu gran de area.

## TRES LENDAS GALEGAS E UNHA BRETONA.

A primeira que resumo é a da Virxe da Barca, de Muxía. É unha lenda que, indirectamente, ten relación coa de Santiago, tanto polo motivo da aparición da Virxe como da presenza da barca de pedra.

Contan que cando Santiago predicaba en Galicia, estando polo Fisterra, foi ata Muxía e sentouse atristurado na beira do mar. Daquela chegou polo mar unha barca de pedra guiada por anxos, na que viña a Virxe. Alí quedou a barca e contan que alí apareceu, tempo despois, unha imaxe da Virxe.

A segunda é de San Andrés de Teixido : Un antigo santuario no que remata a serra da Capelada. Moi preto de alí está a aldea de Chimper, que nos lembra a aldea de 'Quimper' na Bretaña. San Andrés tamén chegara a



Teixido polo mar, nunha barca que se virou e ficou convertida en pedra, de xeito que é unha pena que hai alí no mar.

Segundo unha versión, Cristo e San Pedro ían un día por aquel monte e, ó iren a comer unha mazá, atopan a San Andrés no medio dela e conversan os tres.

Segundo outra variante, é Cristo só o que vai polo mundo e ó chegar alí atopa a San Andrés e conversan. No tocante á conversa que tiveron non hai variacións. San Andrés quéixase e Cristo preguntalle o motivo. El

responde que non hai dereito, que todo o mundo vai a Santiago e ninguén se achega a velo a el, que tamén foi o seu discípulo. Daquela, Cristo dille: -"Non te apures home, que a San Andrés de Teixido irá de morto o que non foi de vivo". Por iso é obrigatorio ir unha vez na vida. De non irmos alá, haberá que buscar despois de morto, o corpo dun réptil para chegar ata alá.

Ademais das similitudes que logo veremos, cómpre suliñar que os milladoiros, tipos de enterramentos prehistóricos que son montóns de pedras que tamén existen en Irlanda, están cristianizados na lenda; pois hai que poñer unha pedra nun deles para que o día do xuízo final, cando as pedras falen, a de cadaquén sexa a testemuña que probe que se ten cumprida a obriga.

A terceira lenda é a de Santiago. Contan que o seu corpo trouxérono catro homes nunha barca de pedra sen remeiros nin temoneiro. Chegan a un río e remóntano. Arriban a un lugar e atan a barca a unha pedra e pousan o corpo sobre doutra laxe que, coma se fora mol, colle a feitura do corpo (Pedrón ou Padrón). Un daqueles homes vai buscar un carro para leva-lo corpo e chega ó castelo da raíña Lupa. Esta mándao onda Régulo, sacerdote de Ara Solis, que vivía en Duio. Cando se atopan alí, Régulo méteos na cadea e o corpo do santo fica no campo. De contado quedouse tapado por moitas xestas e herbas. Pola noite abriuse unha porta inexistente e

saíron os catro homes do cárcere. Régulo mandou perseguilos, pero cando pasaron unha ponte, esta derrubouse detrás deles.

Aquela nova espallouse e eles voltaron xunto á raíña Lupa. Ela deulles unha parella de bois. Cando chegaron ó monte que hoxe chaman 'Pico Sacro', os bois resultaron ser touros bravos, pero amansaron e deixáronse coller, e tiraron do carro ata un lugar chamado Libredón.

## UNHA LENDA BRETONA

Esta versión é a que recolle Yann Brekilien na súa obra "Conte et legendes du pays breton". Nature et Bretagne, páx 61 e ss.

É unha historia dun santo chamado Saint Ronan, nado en Irlanda, que foi un dos 350 bispos consagrados por Saint Patrick. Disque viviu nun mundo preñado de filosofía druídica ata o extremo de seren santos ó xeito druída.

Apareceulle un anxo que lle mandou pasar á outra beira do mar. Atravesou nunha barca de pedra e di o autor textualmente: "esta era o tipo de barca máis usada entre os santos irlandeses e bretóns". Vimos xa de saber que tamén os santos viñeron a Galicia en barcas de pedra. A barca tiña a vantaxe coñecida de que o levaría directo ó lugar escollido por Deus. Así chegou á pequena Bretaña, a l'Aber Ildut, e remontou o val ata un lugar solitario que hoxe se chama Saint Renan, que en bretón significa Lokournan - León, para vivir en contemplación. As xentes de Armórica tiñan veneración polos ascetas e íanlle facer consultas. Pasado un tempo e querendo alonxarse da xente, embarcou na súa pedra e atravesou a enseada de Brest, e chegou ó Cornuaille ou Fisterra. Alí viviu illado en convivencia cos animais. Mais non estaba totalmente afastado da xente. Praticaba a medicina, sabía de animais e plantas e controlaba os ventos.

Un xefe dun clan fíxose discípulo seu despois que lle sandara un año. Deixou de atende-las súas leiras por escoitar ó mestre. A muller daquele home, chamada Keben, tentou converter ó Saint Ronan ó paganismo druídico e, ó non poder, denunciouno diante do rei de Quimper do delicto de transformarse en lobo e levarlle unha filla. Velaquí a referencia a outro elemento moi presente en Galicia, como é o lobishome; mais agora non ven ó caso.

O rei decidiu facer unha ordalía ou xuízo de Deus, para saber quen tiña razón. Fai que o santo sexa atacado por uns cans acirrados, que amansan cando el les fai o sinal da Cruz.



Daquela Saint Ronan, como tamén era adiviño, di que vaian á casa dela e que no fondo dun cofre ha de atopala nena, á que a propia nai asasinara. Van aló e o santo fai o milagre de resucitala.

Volta o santo á súa cova e a sonda chega ó bispo da diocese Saint Corentin, que se atopaba moi vello e vaille propor que sexa o seu sucesor. Non acepta e ademais marcha ó Norte da Bretaña, a San Briec. Alí morre. Tres bispos das dioceses nas que el vivira dispútanse os seus restos, que estaban nun carro que ía ser levado por dous bois. Decidiron deixar que os animais camiñaran ó chou e estes foron cara ó suroeste. Un venres chegaron ó bosque de Neved, e alí estaba Keben lavando a roupa, aínda que nese día alí estaba prohibido. Cando ela viu o carro púxose a botar xuramentos e deulle cun pau a un dos bois nun corno. O corno caeu e o lugar chamouse "Plas ar C'horn". Os bois seguiron e baixaron a outra cara do monte. Ela seguiu a berrar e a terra abriuse e papouna entre labaradas de lume e fume. O sitio colleu o nome de Bez Keben ou tumba de Keben.

Xa, en últimas, os animais detivéronse onde el vivira. Moitas xentes quixeron poñerse baixo a protección do santo e arredor da tumba xurdiu a vila de Locrenan.

Os habitantes de Cornouaille francés conservan o costume de facer tódolos anos un pequeno percorrido chamado a Troménie.

A lenda di que o que non faga a Grande Troménie, cando menos unha vez na vida, deberá facelo despois de morto, adiantando, cada noite, soamente a lonxitude do seu sartego. Por iso o 2º domingo de xullo ten lugar cada seis anos a Grande Troménie (a última foi no 1995 e a vindeira será no 2001). Nela os peregrinos, levando os estandartes, dan a volta a montaña, facendo o camiño que facía o santo tódolos domingos : camiñara 12 kilómetros arredor da súa ermida. Os peregrinos vanse detendo en cada parroquia e todas expoñen os seus santos e reliquias. Estas manifestacións bretonas chámanse "perdóns".

**MARGARIDA SÁNCHEZ**

*(Licenciada e Profesora de Ensino)*

## JA SOM TRENTA...

Que de la quantitat no en deriva la qualitat, en som tots coneixedors, però poder més aquells que en alguna escala de la nostra jornada ens troben en aquest fet. El grup Xurdimento, que en l'actualitat és compost per trenta... sí, trenta parelles de cames, i trenta parelles de mans que ballen o toquen com els àngels, i que són capaços - com feia el fantasma de Vastervill - de les més variades actuacions.

Per nosaltres, fer sonar una gaita, és quelcom més que bufar i bellugar dits; és el sentiment, allò de què volem parlar, i que ho representem amb les nostres danses, les quals en els darrers mesos han adquirit una gran tècnica, elasticitat i sobretot expressió, gràcies a la participació d'alguns components del nostre grup als cursos que la "Xunta de Galicia" ens ha ofert i a la col·laboració dels nostres companys de "Saudade", els quals han tingut la paciència d'ajudar-nos.

Properament, en les nostres actuacions, a través de les quals agraïm al *Centro Galego de Lleida* la seva confiança en nosaltres, us mostrarem tot el



nostre treball durant aquests mesos d'assaig i preparació conjunta.

Esperem veure'ns ben aviat, en una actuació, o molt millor... us animem a venir els dissabtes amb nosaltres, i participar així de l'augment d'una gran qualitat...?

**MERITXELL/GRUPO XURDIMENTO**

# EXPERTOS

Dicen en sus estudios  
los que llaman expertos  
que el amor es un juego  
de la química alquímica  
a que juega el cerebro.

Dicen también que dura  
tan solo tres inviernos :  
como la droga dura,  
se habitúa uno pronto a sus efectos  
y el estímulo químico  
que animaba al amor  
languidece en el tiempo.  
No sé de qué me hablan  
pero traen estadísticas,  
cifras, datos genéticos,  
oxitocina, depamina,  
norepinefrina...  
-palabras que en poética  
no sirven ni en su rima-

Mas yo,  
que reconozco  
no sé nada de esto,  
que no he estudiado datos  
que me avalen de experto,  
sé que pueden llevarme  
un día a sus probetas  
descomponer en síntesis  
y una a una,  
dejar sólo su esencia  
y seguir sin saber  
qué claves de la química  
van dictando el poema,  
qué sustancias en mí  
canalizan mi entrega.

Podrán venir expertos  
-de otra clase-  
a romper en pedazos  
el poema,  
dejarlo reducido a sus sintagmas

palabras y morfemas,  
desmontar sus imágenes,  
sus recursos,  
en cirugía interna.

Pero nada hay más cierto  
para no saber nada  
que deshacer el todo,  
-la lógica analítica-,  
pero que desconoce  
que para conocer  
también hay que sentir  
lo que se piensa  
-y en plenitud-  
pues de la convergencia  
de emociones  
la suma da una cuenta  
que siempre será más  
que la cifra del cómputo  
numérico  
de su más esencial esencia.

**Francisco Corbeira** (Ferrol 1.964). Es periodista del Gabinete de Prensa del "Concello de Ferrol". Ha trabajado, con anterioridad en los diarios "El Correo Gallego", "El Ideal Gallego", "La Voz de Galicia" y el quincenal "Urbe de Ferrol". Escribe poesía desde 1.980. Es autor de un

millar de poemas, algunos de ellos recogidos en diversas publicaciones. El poema "Expertos", forma parte del libro "Del Deseo a la Muerte", que será publicado por la "Sociedad Artística Ferrolana y Poesía Galicia", el mes de diciembre.

**kentia**  **kentia**  
CENTER

*Floristería - Cerámicas  
Objetos de regalo*

Obispo Torres, 7-9  
Tel. 973 26 59 67  
LLEIDA

Gobernador Moncada, 11  
Tel. 973 27 22 82  
LLEIDA



**PROYECTOS  
E INSTALACIONES  
ELECTRICAS**

C/. Barón de Eroles, 3  
Tel. 973 23 20 58 - Fax 973 22 18 22  
25008 LLEIDA

# DE BROMA E DE VERAS

## - Xosé do Marico-

Érase unha vez un home culto, nomeado Xosé. El vive só. É doutor en ciencias da vida. Rara vez mira o reloxo, xa que para el non existe o tempo, e dase perfecta conta de que é unha máquina, ou artiluxio, que inventaron os homes para medir o que non existe : o tempo.

Ten a gran capacidade humana para falar con animais e persoas; tanto pode domesticar un lagarto como facer que un rato musarañito lle ofrezca a súa amigable compañía. É gran trampeiro, e agora que andan os animais á xaneira, ten capacidade para tenderlle a trampa a un lobo, a unha xineta ou a cualquera animal que os humanos chaman salvaxe; pero ben é certo que ó fin acaban falando - non sei en que lingua -, o que si sei é que hai diálogo, comprensión e amizade. É, tamén, un gran escribán e coñecedor das normas elementais de xeografía e matemáticas; por algo fixo de mestre "fanegueiro" (mestre que facía escola nocturna, nas longas noites de inverniá ós que tiñan poucos saberes e querían emigrar).

En fin, que amén de que foi un gran cazador e trampeiro, el foi descubrindo toda a flora e a fauna que pode haber na "Coba da Serpe", na "Fraga da Abelleira" ou no "Rego do Aro". Por algo, os que queremos saber algunha cousa das zonas xermádegas, levámoslle os cacharriños de formol para que nos vaia ensinando e ilustrando.

Nos tempos de antigo, os vellos, nas longas noites do inverno, sentábanse ó carón da lareira para iren transmitindo - de boca a boca -, as historias que recibiran dos antepasados. Eles facían coma os periodistas de hoxe: buscaban a forma de producir sensación. Non tiñan nin cine nin televisión, pero si grande imaxinación, e deixaban que voase, enganchándose en lendas da Santa Compañía ou contos de bruxas, meigas e trasnos. Por algo o noso amigo sabe moi ben como gañar algunha partida de naipes levando unha pata de coello bravo no peto; ou ben sabe espantar

ós malos espíritos con maxias dos que emigraron ás Américas. Tamén sabe contar ben a lenda cunqueirana do "Raposo Anís", cando veu dende Fonmiñana (Serra de Meira) ata o Convento de Monfero, para aprender a facer reloxos e ver como era o primeiro tren que pasou por Curtis. Claro está que o "Raposo Anís" era zoqueiro e aparcou uns días zoqueando xunto a unha vella igrexa que había en Momán, no Monte Candieiro, preto

da Serra da Loba; terras que como di o profesor Villares : Foron pouco favorecidas pola historia, porque nin frades, nin fidalgos fixeron nela moita pousada. Moito tivo que aprender, posto que os galegos que as habitan xa sabían facer os reloxos de sol e zapatos de pau, e algunha cousiña máis.

Tamén sabe, don Xosé, dos primeiros "cabalos de ferro" (automóbiles), que facían percorridos dende Vilalba ó Alto do Foxo, descansando nun empalme que ía a Xermade. O que máis lle chamaba a atención, ó "Raposo Anís", e a don Xosé, era un "cabalo de ferro" que voaba; estou a referirme a "Paxaro Mouro", avión que viña dende Asturias raseando as copas das árbores por Terra Chá, para elevarse nos cumios dos Montes da Capela, sementar petardos nos arsenais de Ferrol, co fin de poñer en liberdade a un irmán do piloto que estaba prisioneiro.

Naqueles tempos, o neto da *señora Marica (Xosé do Marico)*, xa era un rapaz adiñeirado, pois tiña un paraventos grande, de cana, dos que vendía Andrés de Ourense, que dicía ser o Rei dos Paraugas.

Eu aínda lembro, cando era moi pequechiño, que na feira de Momán, o famoso Sr. Andrés subíame a un caixón grande de madeira e colgándome unha serpe do pescozo (que estarricada dobregaba a miña altura), facía que eu falase francés, inglés, e con algunha dificultade o polaco. O Sr. Andrés repetía con constancia *Fíguense la gran inteliguencia que tiene*



*este niño para hablar idiomas*; e eu respondíalle , igualiño que se estivera lendo o catecismo do Padre Astete, pero sempre con un si ou algo así ... Cousas que eu aprendera de coiro a coiro, por ilustración do mestre de Ourense. O certo é que o Sr. Andrés atrapaba á xente que miraba para a grande serpe que xiraba lentamente no meu pescozo, e vendía paraugas sen cansar, para logo, ó final, dar-me un peso. Cousa insólita de gañar naquel entón.

Se me poño a contar historias acabaría aburrindo ó lector, e por algo quero voltar ó tema do reloxo e o meu amigo Xosé. En Momán, hai dous personaxes contrapostos : Nicanor e Xosé do Marico. O primeiro afirma que ningún humano foi á Lúa, e non falemos de Marte, porque iso todo é invención dos vaqueiros americanos e duns músicos do Ferrol que din . “Hai un galego na Lúa...” O que si reconece é que coa mesma facilidade e precisión que entra un gato pola fiestra, eses vaqueiros americanos, poden facer que lle entre un foguete ó Sr.Gadafi na cocina, pero ... “de ir á Lúa non hai nada”. Xosé si que o afirma, porque un bo día, que estaba cos seus musarañitos na Lúa, e sen darse conta apareceulle un marciano con antenas e dixitais, e a medias verbas extraterrestres díxolle : “¿Como te atopas, amigo Xosé?”. Asombrado e sorrinte respondoulle o noso amigo : “*Estou ledo e contento de coñecelo a vostede, aínda que non sei quen é. Na miña terra os poucos que teñen cornos, coma vostede, son os últimos que se enteran. E non deixo de acompañalo no sentimento.*”

Lembro unha frase de Cervantes, cando fundido nas súas disputas con Abellaneda, que dicía, mais ou menos así : “Lo que no he podido dejar de sentir es que me tache de viejo y de manco como si hubiera sido en mi mano haber detenido el correr del tiempo”. E o brazo que perdera non foi nunha trifulca tabernaria, senón que foi nunha batalla das máis gloriosas que viron os séculos : “*A batalla de Lepanto*”. Está bastante claro

que ó autor do Quixote tamén o fascinaba o tempo e a ancianidade.

Tamén estou por referirme ós místicos do Século de Ouro, que copiando do clásico latino din : “*Dichoso aquel que huye del mundanal ruido y sigue la escondida senda por do han ido los pocos sabios que en el mundo han sido*”. Eles tamén fuxían do tempo e buscaban un máis alá do hourizonte.

¿Que quero dicir con esto? Quero dicir que para Xosé non existe tempo nin reloxo. Cando era neno, para Xosé, o reloxo era cousa de xente adiñeirada; pero hoxe en día, en calquera rúa aparece un señor moreno que di : “barato..., barato..., por setecentas pesetas un dixital”. Pero iso aporta pouca sabedoría do meu personaxe, pois el pensa que, onde non hai punto de referencia, non hai medida; e o tempo é cousa filosófica e imaxinada.

Tamén lembro a frase e interlocución de dous vellos exseminaristas, Stalin e Pío XII, na que un dicíalle ó outro : “*Exploraremos cielo y firmamento y si no aparece Dios se te acabó el cuento*”. Ben fastasma era o Sr.Stalin, porque Deus está máis aló do que os humanos exploran, e senón teremos que estudar a fondo a Torre de Babel, e sacar conclusión : “*Seréis como dioses...*”, pero como non chegaron ó Ceo, nin puideron seguir edificando, e acabaron na ruina de Palmira...

Eu, e o meu amigo, seguimos a pensar que para ser felices, o tempo e o espacio, non teñen fácil medida, aínda que flotemos noutra galaxia extrema, e pensamos que a felicidade é semellante o ronsel que deixa un barco cando vai sucando o oceano; pero ó deterse o barco, o ronsel non aparece - “*Inteligibus Pauca*” -A bó entendedor poucas palabras.

**LUÍS VILLARES PAZ**

**Assessoria**

**LABORAL  
FISCAL**

*Anna Ma Molina*

**COMPTABLE  
ASSEGUANCES**

**Roca Llaurador, 1 altell B • Tel.: 973 28 07 38 • 25003 LLEIDA**

# COMO CONVERTIR A LOS PROFESORES EN AUTÉNTICOS "FORMADORES"



**ALFONSO LÓPEZ QUINTÁS**  
Catedrático emérito  
Universidad Complutense (Madrid).

En los medios escolares se advierte cierta inquietud por descubrir la forma óptima de realizar la meta de la LOGSE : conseguir que todos los profesores contribuyan desde su área a dar a los alumnos una formación integral que los convierta en personas cabales, capaces de pensar y razonar debidamente, tomar decisiones acertadas, comportarse debidamente... Para ello se insta a los profesores a exponer en sus clases nuevos valores, los llamados "transversales".

Este método es, en buena medida, inviable, porque obliga a los profesores a salir de su área propia y no consigue ofrecer una visión bien articulada de lo que es e implica el desarrollo personal del ser humano. Esta articulación es ineludible si queremos que el alumno sepa dar razón de los ideales que abraza y las acciones que realiza.

A instancias de diversos dirigentes académicos, elaboré un método que juzgo viable y fecundo. Al estudiar a fondo el proceso de formación humana, se observa que todo él se centra en el acontecimiento de encuentro, rectamente entendido. La investigación actual afirma que *"el hombre es un ser de encuentro; vive como persona, se desarrolla y perfecciona como tal, realizando todo tipo de encuentros"*. Pero en concepto de encuentro se basa en otros más radicales todavía : el de relación y sus afines : estructura, orden, armonía... Un profesor que, al explicar los contenidos de su área, consigue hacer ver y vivir al alumno la significación decisiva de las distintas formas de relación, estructura, orden y armonía, pone unas bases sólidas de su formación humana. Veamos un ejemplo esquemáticamente :

- El profesor de Matemáticas enseña a los alumnos a operar con las estructuras matemáticas. Además de ello, les sugiere el poderío y la belleza que albergan las fórmulas, que nos permiten comprender de modo coherente mil fenómenos del mundo observable.
- El profesor de Física destaca que los elementos primordiales de todas las realidades del universo son

energías estructuradas, ordenadas, relacionadas. *"Dadme un mundo de relaciones -escribió el gran Edington- y os daré un mundo de materia y de energía"*. Además de ello, el profesor subraya la afinidad sorprendente -es decir, la relación- que existe entre las estructuras matemáticas elaboradas por la mente del hombre y las que constituyen la base última de la realidad.

- Los Historiadores del Arte explican que para los griegos la bondad y la belleza son fruto de la armonía, integrada por la proporción y la medida o mesura, que indican una forma de relación,

El alumno que asume estas ideas cobra un gran aprecio del concepto de relación, orden, unidad, estructura. Cuando oiga afirmar al profesor de Etica o Formación humana que el ideal por excelencia del hombre ha de ser fundar modos valiosos de unidad, es decir de encuentro, sintonizará al instante con dicha afirmación, e intuirá rápidamente que, al crear modos relevantes de unidad, el hombre no hace sino realizar lúcida y voluntariamente lo que todas las realidades del universo llevan a cabo sin saberlo y sin quererlo. Pero el encuentro sólo es realizable cuando se aceptan sus condiciones o normas. La idea de norma se hace atractiva al alumno - porque es la que ordena y estructura la vida -, y acepta de buen grado la afirmación de que nuestra conducta sólo es fecunda y por tanto digna de nuestro ser personal cuando vincula la libertad y la norma. La armonía entre norma y libertad estructura nuestra actividad, y le confiere eficacia y belleza. Cuando el alumno capta la relación efficacísima que se da entre norma y libertad, solidaridad e independencia, heteronomía y autonomía da un salto gigante hacia la madurez. Estos conceptos, y otros conexos con ellos, afloran en las distintas áreas por necesidad interna de cada una de ellas, no porque lo hayan determinado las autoridades académicas. Para ser un magnífico educador, el profesor no necesita salir de su área y hablar en ciertos momentos de algunos valores - tolerancia, convivencia, etc. - Le basta poner al descubierto el valor promordial que tiene en el universo y, sobre todo, en la vida de la persona, la categoría de relación y sus afines. Lo explico con la debida amplitud en la obra *"Como lograr una formación integral"* (San Pablo, Madrid. 1.997).

## O VAL DOS VALES

Era o máis semellante á idea que da oficina sinistra poidamos ter cada un de nós. Non o digo polas persoas que alí traballabamos, senón pola ubicación do lugar. Rematou nunha congoxa o feito de dirixi-los meus pasos cara ó traballo cada mañá. Despois de atravesala cidade nunha grande extensión, tiña que enfrontar aquel pórtico magro de luz natural e o comezo dunha calella costa abaixo, na que o deteriorado piso asfáltico discorría asoballado polas paredes de dous enormes edificios á dereita e á esquerda.

Unha vez no final da baixada, accedíase á oficina logo, de atravesar un *hall* circular, condeñado de por vida a non recibir a luz natural. Tratábase dun espazo pequeno, dotado dunhas amplas fiestras cara ó norte, que ofrecían a paisaxe doutra calella máis lóbrega aínda.

No medio de tanta doenza ambiental, alguén (unha ánima sen dúbida chea de cristiá piedade), tivo a conmiseración de pegar na parede unha postal de considerables dimensións que amosaba un vivificante panorama, o único bálsamo existente fronte ó feito de apalpa-la claustrofobia coma se fose un ser vivo.

Tratábase dun val pirenaico en forma de U amortiguada, alfombrado de verdor e ferido no máis profundo por un brazo de auga cristalina e bulideira, e sen dúbida de ve-la súa líquida musicalidade flanqueada polos chopos centenarios, que se tocaban dunha vestimenta de follas de cor amarelo-verdecente, fonte de irisacións douradas ó pulo da brisa.

Na ladeira dereita trepaba docemente un pobiño de casas feitas con pedras grises e balcóns de madeira clara, rebordantes de flores destinadas a soportar tódalas tonalidades do Arco da Vella. Nun segundo plano, as montañas rematadas en cumios brancos de neve poñían o punto e o remate a tanta beleza.

Podíase respira-lo osíxeno en estado puro, cálido na parte onde daba o sol; fresquiño alí onde reinaba a sombra.

O único raio de sol penetraba no meu interior a través da parede e cabalgando nel conseguía remonta-lo

leito sonoro para alonga-la viaxe máis aló do que o panel mostraba. Era algo máxico que tiraba de min e potenciaba o poder da evasión da realidade.

Era o val dos vales. Era o "Val de Arán".

Foi como ter atopado o meu Sangri-lá particular, ata tal punto que fixo patente no meu recordo o visionado do filme de Frank Capra, de tan grata lembranza, e tornei a senti-la emoción que lle foi dado sentir a Ronald Colman, cando xa vencido polos elementos desatados, a piques de deixa-la vida no máis recóndito das


Himalaias, un milagroso pasadelo con vocación de túnel do tempo, transportouno sen solución de continuidade, do inferno ó paraíso.

Lembrei a tranquilidade de ánimo que os espectadores da sala en penumbra experimentamos perante a visión do mosteiro que, asentado no fondo do val, semellaba todo paz; todo espazo; todo luz; todo espiritualidade, acariciado da gracia dunha eterna primavera que anunciaban a voz en grito un feixe de amendoeiras en flor.

cela Carballeda, pronunciou sobre o tema 'As relacións entre Galicia e Catalunya ó longo da historia'.

Tamén acudiu a esta cita o secretario xeral para as Relacións coas Comunidades Gallegas no Exterior, Fernando Amaral de Castro, que presidiu a celebración da tradicional calçotada, un manxar tradicional e típico das comarcas leonesas, acompañado neste acto cultural polo alcalde de la cidade do Segre e doutras autoridades.

# ¡FELICITACIÓNS!

Hai feitos na vida das persoas que marcan un antes e un despois no decorrer, e fenden o tempo, no que buscas continuidade do pasado.

E creas unha referencia, e a ela recorres para atoparte e non esquecer, e poder proseguir co que tiveches e xa non está, ou non o tes.

A miña referencia, de segunda, que arelo non esquecer, é o retorno da emigración americana. O vedor do valado do tempo botei semente para encher o oco, e que xermolase a flor dos ideais e da amizade.

E atopei, nese espertar, neses momentos de tristura pola lonxanía, uns irmáns galegos que facían florecer un fermoso labor a prol da Terra, nun fogar que honra o seu nome : **CENTRO GALEGO DE LLEIDA.**

E cando aínda estaban na rúa Alcalde Costa, xa estiven ó seu carón, e faleilles longamente das nosas raíces coma pobo, dos nosos devanceiros; da nosa historia; e tecín, coas margaridas que crecían no valado, un vínculo de agarimo e de aprezo.

E foi crecendo e crecendo ese sentimento de xeito que os seus éxitos alédanne; os seus esforzos por prestixiar á Galicia, ás súas xentes e ás súas cousas, síntoos coma propios, e bótome a **aplaudir** a traxectoria que seguen, sen folgos.

Son un exemplo de tenacidade os amigos do *Centro Galego de Lleida*. Soamente un fondo amor á Terra de nacemento dan senso ós cimentos sólidos dunha obra consolidada e con presenza activa na vida socio-cultural dunha cidade que sente, participa e recibe o perfume das nosas tradicións e costumes galegas, como é Lleida, gracias as moitas actividades dese *Centro Galego*.

Deséxovos unha longa e fructífera vida, no persoal e institucional. Non menciono nomes nin de socios nin de directivos, de onte e de hoxe, todos, - queridos amigos - sabedes conducir magníficamente o destino da Entidade e sabedes encher de amizade o valado na vida daqueles que nos achegamos a vosoutros.

IOLANDA DIAZ GALLEG



## Vocalía Da Muller

Durante o ano 1998 a *Vocalía* proseguíu coas súas actividades tradicionais de "Manualidades", os martes e de "Costura", os xoves.

Tamén se fixeron varias xuntanzas nas que se realizaron unha serie de traballos relacionados coa cociña e asuntos culinarios, como son os postres típicos de Galicia e algúns dos máis característicos da zona de Lleida e Catalunya.

A continuación expoñemos un pequeno resumo dos actos máis salientables realizados durante o ano:

### No mes de febreiro:

Aportación da *Vocalía* á Semana Cultural do Centro coa organización dunha charla-coloquio sobre "LOS MALTRATOS A LA MUJER", na que interviñeron *Carmen Castelló*, en representación do Institut de la Dona, e *Marta Cortiñas*, da Policía Xudicial da Garda Civil.

Fíxose unha carroza alusiva para participar no "Entroido" e pasa-rúas da cidade. O Carnaval ("Carnestoltes") é organizado, cada ano, polo concello de Lleida.

### Mes de marzo:

Celebración da tradicional "Calçotada", na ermida de "Gran-yena".

### Mes de maio:

As mulleres da *Vocalía* participan nun desfile de modas, orga-

nizado polo Excmo. Concello de Lleida, co fin de presentalas prendas confeccionadas durante o curso.

Volvemos a participar, por segundo ano consecutivo (e, polo tanto, dende o seu comezo), na "Festa de Moros i Christians".

### Mes de outubro:

Participación, das mulleres da *Vocalía*, na "Cuestación Nacional de la Cruz Roja". Atendemos unha mesa.

### VIAXES:

Este ano realizáronse dúas viaxes culturais : Unha a Barcelona, na que ademais aproveitouse para asistir ó programa de TV3 "Las tardes de M<sup>ra</sup> Pau Huguet", convidados pola dirección do programa.

Outra viaxe a Madrid, para asistir, tamén convidados polos responsables, ós programas de TVE "Saber Vivir" e "Así son las cosas", nos que tamén participan algunhas persoas das que asisten.

Denantes de rematar, menciono dúas actividades que xa se consolidaron, despois de dous anos de celebración consecutiva e que merecen unha especial atención : A primeira é a "Festa do Polbo", que celebramos - con grande éxito - no mes de Abril. E a segunda foi a participación da *Vocalía* - no Centro de desconexión de Lleida -, na atención dos teléfonos, protocolo, azafatas, etcétera... na "Maratón de TV3", que este ano foi dedicada á donación e solidariedade contra a diabetes

MARTA ROIGE MOSTANY


# Ribeira Sacra

La *Ribeira Sacra* és una extensa zona caracteritzada per una diversitat de paisatges que configuren el seu encant natural. El seu tret principal és el famós *Cañón del Sil*, que és un impressionant accident geogràfic d'un interès extraordinari. Fou precisament aquesta característica la que va dur als eremites a assentar-se en aquesta zona com a lloc d'oració durant segles. Es deu, per tant, a aquesta proliferació d'assentaments religiosos als marges del riu Sil la denominació de *Ribiera Sacra*, la qual es refereix a aquest espai natural i artístic en que s'hi mesclen natura i religiositat.

En aquest paratge s'hi poden observar els marges de pissarra on es cultiva vinya en nombrosos bancals. També s'hi troben castanyers, oliveres, roures, alzines, tarongers i xiprers. Tota aquesta varietat d'arbres i de cultius es poden apreciar en la ruta en *catamarán* al llarg del curs del Sil, que permet gaudir de les nombroses cales de platges naturals que conviden a prendre el sol i a donar-se un bany.

Pel que fa a la història del paratge, aquesta prové d'una cultura mil·lenària, palpable en els nombrosos monestirs de tots els estils (romànic, barroc, renaixentista...) que s'enclaven en la zona: el Monestir de *San Esteban de Ribas do Sil* (s.X), el Monestir de *San Pedro de Rocas* (s.VI), el Monestir de *Santa Cristina de Ribas* (s.IX), el Monestir de *Santa María de Xunqueira* (s.XII) i el Monestir de *Santa María de Montederramo* (s.XII). Cal destacar el *Cruceiro de Lumeares* i el *Castelo de Castro Caldelas* (s.IX).

Una forma excel·lent de conèixer més profundament la zona és apropar-se a la seva gastronomia típica carac-



teritzada pels seus milers de sabors. D'entre totes les possibilitats gastronòmiques que ofereix la *Ribeira Sacra* destaquen els seus exquisits vins joves artesanals i els licors (*augardentes* i *licor café*), les seves castanyes i els seus postres anomenades *Bica Mantecada*. També cal mencionar la seva gustosa carn de vedella d'alta muntanya i la seva caça i pesca (perdius, conills, porcs

senglars i truites de riu).

No es pot oblidar la importància que tenen les festes i fires en la cultura gallega i, especialment, en aquesta zona; les més destacades són: *Festa do Sábado Longo*, *Festa do Magosto*, *Festa dos Fachos*, *Feira dos Bois*, *Romería da Virxe do Monte*, *Romería dos Gozos* e *Romería de Santa Catalina*.

La *Ribeira Sacra* és, a més, una zona clau per trobar-hi una gran bellesa artesanal, ja que com moltes zones de Galícia fou el bressol de nobles oficis artesans. Alguns dels més típics van ser el d'afilador, que reparava i afilava ganivets i eines; el de *barquilleiro*, que feia *barquillos* i els venia pel mètode de la ruleta; el *cerralleiro*, que arreglava les olles. Avui en dia es conserven artesans com el de telar, els *cesteiros*, que fabriquen cistelles de *mimbre* (vímet); els *muiñeiros* de blat i civada i l'*alfareiro*, que és un dels oficis més antics de Galícia.

És per tota la màgia que aporta aquest paratge que els convidem a visitar una terra sorprenent i fascinant per gaudir alhora plenament de la natura i la cultura.

EMMA SUEVOS GUILLAMET

# VERGE BLANCA DE L'ACADÈMIA DE LLEIDA

Si bé és cert que després del Concili de Nicea, el culte a la Mare de Déu progressà extraordinàriament, i vers l'any 380 s'institueix la primera festivitat mariana amb el nom de "Memòria de la Mare de Déu", serà a partir del segle XII, que als teòlegs de talla com sant Bernat, sant Albert el Magne, sant Anselm, sant Tomàs d'Aquino, sant Bonaventura, sant Antoni i altres, sols els queda la tasca de donar forma científica a la doctrina mariològica que ja està arrelada.

En conseqüència, el culte a la Verge Santíssima va en augment i les pràctiques de devoció envers ella creixen igualment i fan aparició les seves "Saluts o Goigs"; al segle XII apareix la Corona o salteri de Maria; al segle XIII l'escapulari, i l'Àngelus, i així successivament.

És en aquest context, i en aquest fervor popular, que el 12 d'octubre de 1862 es fundà, l'Acadèmia Mariana que tanta repercussió tindrà en el futur de la ciutat i dels lleidatans. Els seus artífex van estar el Rvd. Josep Maria Escolà i Cugat, en col·laboració amb els senyors Josep Mensa i Font i el Dr. Lluís Roca i Florejachs.

La finalitat de l'Acadèmia Mariana era honrar la Verge Maria i divulgar les seves excel·lències i glòries mitjançant la Literatura i les Belles Arts. I cal afegir que ha tingut un paper important en el moviment de la Renaixença a Lleida.

La immensa protecció que Maria va dispensar a la ciutat de Lleida l'any 1865, quan la ciutat va quedar neta de còlera, va motivar que els socis de l'Acadèmia Mariana duguessin a terme, el 4 de febrer de 1866, una solemne acció de gràcies.

Gràcies a la iniciativa popular del doctor Puigllat, el 24 de setembre de 1866 es feia públic un cartell concurs perquè l'Acadèmia Mariana desitjava posseir una imatge de la seva patrona, la Immaculada Concepció de Maria, que presidís les

festes religioses com literàries, però demanaven que fos una veritable obra d'art.

Fou l'escultor barceloní Maximiano Sala l'encarregat de tallar la imatge de Nostra Senyora de l'Acadèmia, la qual cosa féu amb fusta de til·ler amb imitació del marbre blanc, raó per la qual la figura rebé el sobrenom de "Verge Blanca", amb el qual se la coneix popularment encara avui.

El 19 de setembre de 1868, el reverend Escolà i Cugat va comprar uns terrenys a uns cent metres del carrer Sant Antoni, amb la finalitat d'edificar-hi un gran palau a Maria, i establir-hi la seu de l'Acadèmia Mariana.

El 24 de setembre de 1869 es posava la primera pedra i, el 12 de novembre de 1871 el bisbe d'Urgell Dr. Josep Caixal beneïa l'oratori de l'Acadèmia, moment en què s'hi traslladà la imatge en solemne processó que va recórrer tots els carrers de la ciutat. Aquesta imatge seria malmesa l'any 1936. L'any 1940 seria reposada una nova imatge sortida dels tallers "La Artística" de la viuda Reixac de Barcelona.

L'Acadèmia Mariana posseïx el títol de : PONTIFICIA i el de REIAL. El de PONTIFICIA li fou concedida pel Papa Pius XI el 15 de maig de 1923. El de REIAL pel Rei Alfons XIII, el 26 de juny de 1923, essent continuats els favors rebuts per gaudir d'ambdós títols, tant per part de la Casa Reial, com per part de Roma.

El dia 5 de gener de 1946, el Papa Pius XII, mitjançant un breu especial, la proclamà com a PATRONA DE LA CIUTAT DE LLEIDA A PERPETUITAT.

JOAN BELLMUNT I FIGUERAS

(Historiador)



## Te gustaría aprender a bailar y tocar folklore gallego?

Seguro que sí, pero no sabes cómo ni dónde ¿Verdad?  
Pues la solución es muy fácil: Ven a aprender con nosotros:

EL GRUPO XURDIMENTO DEL CENTRO GALEGO

- Porque con nosotros :
- \* Aprenderás a tocar la gaita, pandereta, pandeiro, tambor, bombo...
  - \* Aprenderás a bailar muiñeiras, jotas, ribeiranas, carballeas...
  - \* Irás de excursión y de viaje a numerosas actuaciones por Catalunya y España.
  - \* Conocerás a un montón de gente con ganas de pasárselo bien.
- Todo esto y mucho más:
- \* Con unos profesores fabulosos
  - \* Con ensayos semanales
  - \* Sin costarte absolutamente nada.
  - \* Disponiendo de instrumentos y vestuario gratis.
  - \* Formarás parte de un grupo muy bien avenido y sin límite de edad.

O sea, que ya no tienes excusa. ¡¡¡Ven a vernos!!! al  
Centro Galego de Lleida, en la calle Joc de la Bola, número 20 (detrás del Pryca)  
o llámanos al teléfono 973 27 48 27, y te informaremos.



# A Coral "CENGALLEI"

## segue na súa fermosa traxectoria



Neste ano de 1998 o Grupo Coral "CENGALLEI", coas súas raígames no 1978, siguiu a realizar dun xeito máis que salientable unha actividade que, coma eles mesmos din, pretende manifesta-lo seu entusiasmo pola cultura musical (maiormente a galega) e acada-la sintonía coas demais culturas a través dunha estima e coñecemento mutuo.

Ó longo dos distintos meses do ano houbo moitas actuacións de tipo social e benéfico en diversas celebracións:

- Remate da Semana cultural na nosa parroquia de San Jaume.
- Cantos litúrxicos na ermida de Granyena, coa asistencia do Secretario Xeral das Comunidades galegas (D. Fernando Amarelo) maila presenza de autoridades municipais, autonómicas e centrais de Lleida, co gallo da xa tradicional Calçotada.
- Celebración do día da Confraría do noso Centro no "Oratori dels Dolors".
- Actuación na Capela da "Verge Blanca de L'Acadèmia" patrona de Lleida.
- Recital no Hospital Provincial onde deleitaron ós enfermos e asistentes con cantos de misa e cancións tipicamente galegas, catalanas e castellanas nas diferentes Salas do recinto hospitalario
- Conmemoración de "Tódolos Santos" na igrexa de S. Jaume, onde á harmonía das voces sumáronse as emocións da lembranza polos que xa se foron.
- Asistencia ás Residencias de anciáns "Juana Jugan" e "Aitona" onde os cantos da misa e o Recital de Panxoliñas, colmaron de ledicia e entusiasmo ós nosos maiores e asistentes.

Pero ademais de todo iso, caberían destacar outras actuacións de grande sona:

- No abril do 98 participaron na **II XUNTANZA DE COROS GALEGOS DE CATALUNYA**, que ano tras ano coordínanse para satisfacción propia e allea. A Entidade, conxuntamente organizadora deste ano, foi o Centro galego de Barcelona no 75 aniversario da súa fundación. Resultou un acto verdadeiramente fermoso e enxebre e acadou un alto grao de calidade. A nosa Coral aportou unha canción orixinal da súa directora, Rosa González Mahía, que xuntamente con outras dun magnífico repertorio, puxo en pé a boa parte dos asistentes. Deste evento, no que se destacou tamén a interpretación de "Negra Sombra" polo recién creado "Coro de Irmandade" (con voces, entre outras, de tódalas Corais actuantes maila do solista convidado, D. Fco. Kraus), xurdiu a gravación dun Video e un "Compact-disc" que recollen este estupendo acto.
  - No xuño, e co gallo da celebración do "DÍA DAS LETRAS GALEGAS", levaron a cabo no "Institut d'Estudis Ilerdencs" un Recital poético e de Cantigas para lembrar ós nosos trobadores medievais homenaxeados. Tamén neste caso, a mesma autora, compuxo unha cantiga de corte neotrobadoresca que foi estreada alí polo noso Grupo Coral.
  - No setembro celebrouse o DÍA DE BREOGÁN, no recinto da ermida de S. José de Montblanc, que contou coa compañía do Centro galego de Tarragona. A parte musical nesa capeliña correspondeulle tamén ó noso Coro. Foi unha boa actuación agarimosa e entrañable.
  - E derradeiramente, en decembro, participa a nosa Coral, coas outras Casas Rexionais de Lleida, nun Concerto de Panxoliñas e canto popular que serviu para solidarizárense, por terceiro ano consecutivo, coa "MARATÓ de TV3" adicada este ano a combati-la enfermidade da diabetes.
- ¿Que máis se lle podería pedir á nosa Coral "CENGALLEI"?

Que siga a camiñar polos mesmos vieiros de enxebreza, entusiasmo e calidade e que se manteña firme na procura do perfeccionamento do canto coral para ben da música popular e do Centro Galego de Lleida.

UN OINTE Á ESCOITA

# ACTOS DO CENTRO GALEGO DE LLEIDA DURANTE O ANO 1998



**20 de xaneiro** : A Xunta Directiva do *Centro Galego de Lleida* é recibida polo Excmo.Sr.Alcalde do Concello, **D.Antoni Siurana**, que recolle con atención o noso programa de actos previstos levar a cabo ó longo deste exercicio que principiamos, aproveitando que conmemoramos os  *vinte anos de existencia*. Agradece o noso empeño e a nosa participación no entramado social da cidade e prométenos participación e colaboración en todo aquilo que poida beneficiar o bo fin das nosas propostas.

**14 de febreiro** : Recibimos na nosa Entidade a visita da *Confederación de Casas Rexionais e Provinciais de España*, composta por trinta membros. Aproveitando a ocasión, e cumprindo cunha das actividades do programa establecido pola Federación de Casas Rexionais de Lleida, achegáronse a tódalas Casas Rexionais que teñen a súa sede nesta capital do Segrià.

**16 de febreiro**: Inauguración da *Semana Cultural-1998*, cunha exposición de documentos gráficos sobre os acontecementos máis relevantes da historia do noso Centro: *Os vinte anos do seu nacemento*. A exposición estaba composta por catro apartados ou etapas, coincidindo cos mandatos dos seus presidentes :

Primeira Etapa, Presidente: **D.JOSÉ GARCÍA RIVAS**.

Segunda Etapa, Presidente: **D.SEVERINO FERNANDEZ. VERA**.

Terceira Etapa, Presidente : **D.JULIO JOSÉ FONTÁN FARIÑA**.

Carta Etapa, o actual Presidente : **D.JOSÉ TERCEIRO FOLGAR**.

Coincidindo con este acontecemento, tamén se fai unha exposición de traballos realizados polos membros da Vocalía da Muller. Foi inaugurado oficialmente nun acto presidido pola Primeira Tenente de Alcalde do noso Concello de Lleida dona **MARIA BRUGUÉS I BARGUÉS**. Os asistentes foron obsequiados cun aperitivo e bebidas.

**17 de febreiro** : Exposición de debuxos infantís e xuvenís, feitos e realizados polos fillos de socios. Repartíronse agasallos para tódolos participantes. O acto, moi concorrido e participativo, despediuse cunha excelente "chiculatada" para tódolos asistentes.

**18 de febreiro** : Celebración dunha *Charla-Coloquio*, presidida por dona **CARMEN CASTELLÓ**, representante do Insitut Catalá de la Dona, e por dona **MARTA CORTIÑAS PÉREZ**, da policía xudicial da Garda Civil. O acto foi moi concorrido e participaron moitas socias e simpatizantes do noso Centro, así como autoridades locais. Despedímo-lo acto cunha degustación de viño galego compangado dalgunhas racións dos nosos produtos galegos, servido polos nosos excelentes cocineiros : **Bea e Jaume**.

**19 de febreiro** : Concerto de música realizado pola acordeonista dona **ELIZABETH ZAPATER TRAVESSET**, quen interpretou pezas populares e clásicas con especial mestría, sendo moi celebrada e aplaudida por tódolos asistentes, entre os que se atopaban moitos socios, simpatizantes e autoridades locais.

**20 de febreiro** : Presentación do número 11 da nosa revista **XURDIMENTO**, a cargo de don **FEDERICO POMAR DE LA IGLESIA**, asesor persoal e Xefe de



Prensa da Secretaría Xeral de Relacións coas Comunidades. Acto que estivo presidido polo noso Presidente e a Xunta Directiva, acompañados de dona **TERESA RIBES I UTGÉ**, Delegada de Benestar Social da Generalitat de Catalunya en Lleida, dona **PILAR ARNALOT**, Rexidora do Excmo. Concello, así como outros Presidentes de diversas Casas Rexionais de Lleida. Finouse o acto cun convite-aperitivo, e viño da terra, para os asistentes.

**21 de febreiro** : A nosa Vocalía da Dona, participa - como cada ano - cunha carroza, no desfile do *Entroido da cidade*, asistindo moitos dos seus compoñentes e socios disfrazados con traxes realizados polas propias compoñentes da nosa Vocalía.

**22 de febreiro** : Peche da celebración da *Semana Cultural-1998*, cunha Misa solemne ás 11 horas na parroquia de Sant Jaume, sendo cantada pola nosa "Coral Cengallei". Ás 11,30 celebrouse a Asemblea Xeral de Socios que se desenvolveu con total normalidade, aprobando tódalas propostas e a reelección da Xunta Directiva. Os actos concluíron cunha cea de irmandade no restaurante da nosa Entidade.

**1 de marzo** : Celebración da típica e tradicional *Comida do porco*, que se realizou na barriada da Bordeta, concretamente na rúa Palauet. Tivo unha asistencia moi

numerosa de socios, amigos, convidados e simpatizantes; e contamos coa asistencia de varias personalidades e autoridades da cidade. Tamén asistiu o Delegat Territorial del Govern da Generalitat en Lleida **D. JOSEP GINÉ I BADIA**.

**2 de marzo** : Visita protocolaria e institucional ó Sr. Delegat Territorial del Govern da Generalitat en Lleida **D. JOSEP GINÉ I BADIA**, na que se lle expoñen os pormenores do noso Centro durante estes 20 anos de existencia, así como as propostas de traballo e actuacións a desenvolver para celebrar este aniversario.

Tamén lle facemos sabe-las nosas inxerencias de futuro e proxección.

**10 de marzo** : Desprazamento de varias socias - esposas e fillas de socios - á Barcelona para asistiren, convidadas ó programa de TV3 : *EN DIRECTE MARI PAU HUGUET*. Temos gravacións deste evento no noso fondo editorial. A súa participación foi moi eloxiada e comentada.

**11 de marzo** : Dentro da programación establecida pola *Semana Cultural da Federación de Casas Rexionais de Lleida*, realízase na nosa Entidade unha conferencia impartida pola Profesora dona **PURA SALCEDA CARBALLEDA**, Licenciada en Literatura Hispánica - que está a preparar a súa Tese de Doutoramento en Románicas, pola área de Filoloxía Galega da Universidade de Barcelona - ; profesora de catalán e actualmente Profesora de Lingua e Cultura Galegas, impartindo clases na Universidade de Barcelona e no Centro Galego de Tarragona. O título da Conferencia, que despertou moita curiosidade e concorrencia foi : *As relacións entre Galicia e Catalunya ó longo da historia*. Tivémola honra de contar coa asistencia dun grande número de autoridades locais e autonómicas.

**14 de marzo** : Cea de Irmandade, realizada no *Restaurante Fonda el Nastasi*, de tódolos Centros pertencentes á Federación de Casas Rexionais de Lleida. Asistiron



máis de trescentos comensais. O acto estivo presidido por dona **MARIONA BURGUÉS**, Primeira Tenente de Alcalde do Concello de Lleida, e outras autoridades locais e Autonómicas, así como tamén os Presidentes das Casas Rexionais.

**22 de marzo** : Este domingo efectuouse a nosa tradicional **CALÇOTADA**, na Ermida da Grenyana, dando comezo coa celebración da Santa Misa ás 12 horas, cantada pola nosa **Coral Cengallei**. A celebración estivo presidida polo Sr.Secretario Xeral de Relacións coas Comunidades **D.FERNANDO AMARELO DE CASTRO**. Por parte do Concello de Lleida contamos coa participación de dona

**PILAR NADAL**, en representación do Excmo.Sr.Alcalde da cidade. O delegat del Govern da Generalitat en Lleida, don **JOSEP GINÉ I BADÍA**. A rexidora do Concello dona **PILAR ARNALOT** e dona **TERESA RIBES**, delegada de Benestar Social da Generalitat de Catalunya en Lleida. Tamén contamos coa presenza de moitos socios, amigos, simpatizantes e outros compoñentes doutros Centros Galegos de Catalunya.

**28 de marzo** : Asistencia da nosa Entidade ó acto da Congregación, realizado no Oratorio da Nosa Señora das Dores, con celebración dunha Misa, por mor do *día da Confraría do Centro Galego de Lleida*. Acompañaron cos seus cantos a nosa **Coral Cengallei**.

**5 de abril** : Participación da nosa *Confraría do Centro Galego de Lleida*, como cada ano, na procesión do Domingo de Ramos.

**10 de abril** : Novamente participación da nosa Confraría na *Procesión do Venres Santo*.

**26 de abril** : Celebración da *IIª Edición da FESTA DO POLBO, no Xale dels Camps Elisis*. Festa organizada polo **noso Centro**, a través da Vocalía da Muller, e



que consiste no servizo e venda, a prezos moi axeitados, dun prato de polbo con patacas cocidas (cachelos), pan e viño. A afluencia de público foi moi numerosa. Este acto propúxose coa finalidade de promocionar este tan prezado produto da nosa terra.

A asistencia do público foi garante do seu éxito. Ó acto principal e de apertura estiveron, entre outras personalidades : dona **Pilar Nadal**, Rexidora do Excmo.Concello de Lleida; dona **Teresa Ribes**, Delegada de Benestar Social da Generalitat en Lleida; a presentadora do programa de TV3 *L'Indret de la Memoria.../...etcétera*. O noso grupo de danzas e gaitas *Xurdimento* ameni-

zou o acto coa interpretación de varias pezas do seu repertorio tradicional galego.

**9 de maio** : Participación do noso Centro, cun stand, na verbena dos Camps Elisis, dentro do programa da *Festa Major de Lleida*, onde se poñen á venda e degustación, produtos típicos da nosa terra como : Polbo, lacón cocido, empanada, sardiñas, torta de Santiago, orella, chourizos, viño.../...etcétera.

A celebración máis engaiolante para tódolos compoñentes do noso Grupo de Danza e Baile "Xurdimento", tivo lugar ás 20 horas na Praza de Sant Joan. Ofreceron unha selección do seu repertorio de música e bailes tradicionais galegos, acompañados polo grupo da *Asociación Cultural Galega Saudade* de Barcelona. Pola mañá esta mesma Agrupación fixo os honores cun pasaredas pola Calle Major, con parada diante do Excmo.Concello onde o seu recital estivo máis concorrido, interpretando varias pezas coñecidas.

**11 de maio** : Asistencia da nosa Entidade á *Ofrena de Flors* ó patrón da nosa capital **San Anastasi**, á que asistiron varios fillos dos nosos socios engalanados e vestidos co noso traxe típico e tradicional galego.

**17 de maio** : As Casas Rexionais de Lleida e o Esbart Dansaire Sícoris, participaron na *IIIª Trobada de Grups de Dansa de les Cases Regionals*, onde actuaron :

“Grupo Albéniz, da Casa de Andalucía”;

“Grupo de Acordeóns, da Casa de Castela e León”;

“Agrupación Raíces de Za-Hu-Te, da Casa de Aragón”;

“Grupo Nacencia, do Centro Extremeño” e

“Grupo Xurdimento, do noso Centro Galego de Lleida”.

**28 de maio** : As mulleres da nosa Vocalía da Dona participaron no desfile organizado polo Concello de Lleida, no pavillón Antorxa, para representar as creacións elaboradas durante o curso pasado, á que asistiron tódalas entidades veciñais e as Casas Rexionais de Lleida.

**13 de xuño** : Participación da nosa “Coral Cengallei” na *IIª XUNTANZA DE CORAIS GALEGAS DE CATALUNYA*, celebrada en Barcelona; desprazouse todo o Grupo nun autocar para asistir nun lugar axeitado para cantar e gravar as actuacións previstas.

**20 de xuño** : Celebración do *DÍA DAS LETRAS GALEGAS-98*, adicado este ano ós trovadores Martín Codax, Meendinho e Xoan de Cangas. O acto celebrouse no Instituto de Estudos Ilerdencs, comezando cunha conferencia-exposición do escritor e poeta *Alfonso Pexegueiro*. A nosa Agrupación “Coral Cengallei” tamén se sumou ó acto recitando e cantando algunhas pezas e poemas dos poetas e trovadores mentados. A celebración finouse cunha cea de irmandade no Hotel la Canonja.

**25 de xullo** : *Visita Institucional, ó noso Centro, do Presidente da Generalitat, molt Honorable JORDI PUJOL*. Foi recibido na entrada coa interpretación de varias pezas musicais tradicionais galegas a cargo do noso “Grupo Xurdimento”. A continuación foi saudado polo noso Presidente e a Xunta Directiva, xunto co Sr.Alcalde da cidade, que o acompañan e amósanlle as nosas dependencias. Asina no Libro de Ouro do Centro. Por acordo da Xunta Directiva comunicaselle que é nomeado Socio de Honor e impónselle a medalla de Ouro da Entidade. Diante do público asistente fai un pequeno parlamento de recibimento o noso Presidente Sr.Terceiro, agradecéndolle a súa presenza nun día tan

sinalado (o noso Santo Patrón e día da Comunidade Galega). Cédelle a palabra ó Excmo.Sr.Alcalde e finalmente dirixe unhas palabras de agradecemento ó noso Centro e ós asistentes, o Molt Honorable JORDI PUJOL.

Serviuse a continuación un aperitivo. Estiveron presentes neste acto ademais das autoridades mentadas o Ilmo.Sr.Conselleiro de Benestar Social Sr.**Antoni Comas** e a Sra. **Teresa Ribes**, Delegada de Benestar Social en Lleida, así como o Sr.**Jaume Giné**, Delegat de Governació da Generalitat en Lleida, ademais de outras personalidades.

Este mesmo día, pola noite, celebramos unha cea de irmandade para conmemora-lo día de Santiago e da Comunidade de Galicia, entre socios, amigos, colaboradores e simpatizantes do Centro Galego.

**6 de setembro** : Celebración dunha Asemblea Extraordinaria, convocada para tratar un só punto da orde do día : “Arranxa-los Estatutos da nosa Entidade para ver de mellora-los e adapta-los á normativa legal vixente, por tal de que sexa declarado o noso Centro Galego, como Asociación de Utilidade Pública”.

**20 de setembro** : Celebración do *DÍA DE BREOGÁN*, na zona tan coñecida Ermida de San Xosé de Montblanch (Tarragona), compartindo tal evento cos socios, amigos e simpatizantes do Centro Galego de Tarragona. O desprazamento ó mentado lugar, estivo á cargo do Centro Galego, quen pagou un autocar gratuitamente, para mellor comodidade dos nosos socios. Ás 12 horas, na Ermida, asistimos á Santa Misa que foi cantada pola nosa “Coral Cengallei”. No adro da igrexa, á saída,





interpretación de pezas musicais e bailes típicos tradicionais galegos (muiñeiras, alboradas, xotas...etcétera) á cargo dos grupos de danza e baile de ámbolos dous Centros Galegos (Tarragona e Lleida).

Festexamos, todos xuntos, este día, cun xantar de irmandade no campo da eira, ó carón da Ermida. Polo serán celebrouse un sorteo, para tódolos asistentes, de produtos galegos de calidade. Rematouse a festa cunha queimada de despedida.

**25 de setembro** : Con motivo das **Festas de la Merçè**, patroa do barrio onde están ubicado-os locais de Benestar Social de Lleida, o noso "Grupo Xurdimento", fixo unha actuación interpretando varias pezas do seu repertorio musical e de danzas.

**30 de setembro** : Ás 8 da tardiña asistimos á Misa anual na Capela da Academia Mariana, interpretando a nosa "Coral Cengallei" a parte musical da mesma, en galego e castelán.

**22 de outubro** : Celebración e colaboración das mulleres do noso Centro Galego no **DÍA DE LA CREU ROJA** en Lleida; atendendo, durante todo o día, unha mesa de cuestión, nun lugar céntrico da cidade.

**31 de outubro** : Celebración da tradicional **Festa de TÓDOLOS SANTOS**. Comeza o día coa participación, dos máis cativos do Centro, nun tenderete de venda-reparto de castañas asadas ó estilo galego (nun tixolo de ferro). Polo serán, ás 19 horas celebración dunha Santa Misa na parroquia de Sant Jaume, adicada ós nosos defuntos e por tódolos socios do Centro Galego de Lleida. A Misa é cantada integramente en galego pola nosa "Coral Cenga-

llei". Asisten varias autoridades locais. Por último, na nosa sé social, faise o tradicional **Magosto** repartindo castañas, panellets, viño e cava para tódolos asistentes.

**1 de novembro** : Desprazamento do noso Grupo Xurdimento e da "Coral Cengallei" á residencia das "Hermanitas Juana Jugan", onde asistimos á celebración da misa cantada pola nosa Coral e á saída ofreceuse unha actuación da devandita "Coral Cengallei" e do noso Grupo Xurdimento diante dos residentes no Centro.

**4 de novembro** : Comezo dos cursos de divulgación cultural patrocinados pola Generalitat de Catalunya, por mediación do programa **Coneixer Catalunya**. Comeza un "Curs d'art", de oito horas de duración, ó que asistiron un considerable número dos nosos socios, acadando un resultado final moi satisfactorio.

**15 de novembro** : Visita ó Hospital Provincial, onde asistimos á Santa Misa cantada pola nosa Coral Cengallei, e tamén ofreceron unha interpretación de varias cancións do seu repertorio, así como tamén panxoliñas, villancicos e outras cancións que entretiveron e amenizaron ós enfermos.

**29 de novembro** : Desprazamento do noso "Grupo Xurdimento", de danza e música galega, xunto coa "Coral Cengallei", á casa das *Hermanitas de los Pobres de Aitona*. Asisten á misa concelebrada e cantada pola nosa Coral. Á saída ofrecen unha actuación diante de tódolos residentes na Casa, tanto da "Coral Cengallei", como do noso Grupo Xurdimento, con interpretacións moi variadas e específicas do noso folclore galego. Este acontecemento vense repetindo cada ano, ultimamente.

**4 de decembro** : Desprazamento, en autocar de máis de 54 prazas, ós programas de TVE : **SABER VIVIR**, presentado por Manuel Torreiglesias e **ASÍ SON LAS COSAS**, presentado por Manolo Jiménez, convidados polas direccións dos devanditos programas. A nosa delegación aproveitou a ocasión para entregar unha serie de agasallos propios da capital lleidatana, como embutidos -facilitados polo Gremi de Xarcuters de Lleida-; aceite da Casa Pons de Roselló; turróns da Casa Vicens de Agramunt; libros aportados polo Concello de Lleida e un presente da Deputación de Lleida. Á volta

da viaxe fíxose unha valoración de todo o acontecido nesa estada, que resultou moi entretida e incentivante ademais de disfrutar dun trato exquisito e engaiolante por parte de tódolos profesionais da Televisión Española. Posiblemente se repita o próximo ano.



**16 de decembro** : Os cinco Centros Rexionais de Lleida solidarízanse por terceiro ano consecutivo coa *MARATÓ de TV3*, adicada este ano á enfermidade da diabetes. Participa a nosa Coral Cengallei interpretando unhas panxoliñas e cánticos de nadal, aproveitando a

recente estrea do Teatro Municipal de L'Es-corxador. No concerto actuou unha representación de cada Casa Rexional : Pola *Casa de Aragón* fixo a súa participación o grupo "Raíces de Za-Hu-Te", pola *Casa de Andalucía* o "Coro Romero y Jara", por Extremadura o conxunto "Nacencia", por *Castela e León* o cuarteto de "Guitarras y Voces" e pola nosa Comunidade de *Galicia* a nosa "Coral Cengallei".

**31 de decembro** : Reunión de socios, simpatizantes e amigos, na sé social do Centro, para brindar cunha copíña de cava, e desexar unha venturosa entrada de aninovo.

## Previsións para o 1999

### XANEIRO :

\* Representación dunha **obra de teatro** ("*Mal ano de lobos*"), do escritor M.Linares Rivas, polo grupo "Zarabanda" pertencente a "O Penedo Fogar Galego", de Barcelona. Tense previsto que se realice na Aula de Teatre Municipal de l'Escorxador de Lleida.

\* Celebración da "*Matanza do Porco*", seguindo coa tradición da nosa terra.

### FEBREIRO :

\* Asistencia da nosa "Coral Cengallei" á *Xuntanza Anual de Corais galegas de Catalunya* en Sabadell (actuarán concretamente no "Teatro La Farándula").

\* Edición dun novo número da nosa *Revista anual Xurdimento*, que recolle tódolos actos realizados pola nosa Entidade e fanse valoracións dos actos e actividades desenvolvidas, ademais de publicar artigos de interese social, cultural e outros varios.

\* Realización da *Semana Cultural*, a desenvolver previsiblemente dende o día 8 ata o 14 deste mes de febreiro,

con conferencias, exposicións, concurso de pintura e debuxo para mozos e mozas, presentación da Revista Xurdimento e finalización e despedida o domingo cunha Misa cantada pola nosa Coral Cengallei, e posteriormente no local social a Asemblea Xeral Ordinaria.

\* Participación, a través da Vocalía da Muller, cunha carroza, no desfile do *Entroido da nosa Capital*, organizado polo Excmo. Concello, asistindo ó mesmo con disfraces realizados polas donas do noso Centro.

### MARZO :

\* Organización, pola Vocalía da Muller, dunha *Calçotada* para socios e simpatizantes, á que son convidadas as autoridades locais, así como os directivos das Casas Rexionais de Lleida e dos Centros Galegos de Catalunya, contando coa presenza dalgunha representación da Xunta de Galicia.

\* Asistencia da nosa Entidade ó *Acto da Congregación* que se realiza no Oratorio da Nosa Señora das Dores, coa celebración da Santa Misa no día da Confraría do Centro

Galego de Lleida, co acompañamento da nosa Coral Cengallei e asistencia de numeroso público.

\* **Semana Cultural das Casas e Centros Rexionais de Lleida.** As datas previstas son dende o 8 ata o 14 de marzo, correspondendo ó noso Centro Galego a responsabilidade de celebración e actos axeitados o día 10 deste mes, e finalizando o día 14 cunha cea de irmandade.

\* Participación, para o día 28, da Confraría do noso Centro, na **Procesión do Domingo de Ramos.**

#### **ABRIL :**

\* Participación, o día 2, da Confraría do noso Centro, na **Procesión do Venres Santo.**

\* Celebración da **"III edición da FESTA DO POLBO"**, no xale dos Camps Elisis. Festa organizada polo noso Centro a través da Vocalía da Muller, consistente no reparto entre os asistentes a un prezo módico, dese exquisito cefalópodo que é o polbo con patacas cocidas (tamén chamadas cachelos), pan e viño galego, á que sempre asisten moitas persoas da localidade así como a maioría das autoridades locais, comarcais e rexionais.

#### **MAIO :**

\* Participación do noso Centro cun "stand" na verbena dos Camps Elisis, dentro do programa de **"Festa Major de Lleida"**, onde se poñen á venda a degustación dos produtos típicos da nosa terra : Polbo, callos, empanada, sardiñas asadas, lacón cocido, chourizo, pan galego, xamón, viño ribeiro e albariño, queixo de tetilla, torta de Santiago, roscón... etcétera.

\* Actuación do noso Grupo Xurdimento na Praza de Sant Joan, con motivo da **Festa Major**, diante de numeroso público e autoridades locais.

\* Participación da nosa Entidade, concretamente o día 11 de maio, na **"Ofrena de Flors"** ó patrón da cidade San Anastasio, á que asisten os fillos dos nosos socios vestidos co traxe típico galego, precedidos do estandarte do Centro Galego de Lleida.

\* Colaboración, da nosa Entidade, no desfile de Carrozas, que se organiza con motivo das **Festas Patronais.**

\* Organización dunha **viaxe a Santiago de Compostela**, co fin de asistir xunto con tódolos socios, simpatizantes, colaboradores e amigos, a diversos actos do Ano Santo Xacobeo.

#### **XUÑO :**

\* Celebración do **DÍA DAS LETRAS GALEGAS-99**, durante o mes de xuño, cunha conferencia glosando a figura do escritor e periodista galego ROBERTO BLANCO TORRES, acto aberto a todo o público en xeral, ó que asisten diversas autoridades locais así como personalidades destacadas das letras galegas e catalanas, e que reviste grande brillantor, realizándose no **Institut de Istudis Ilerdense**, marco incomparable para dito acto. Colabora no mesmo a nosa Coral Cengallei, coa interpretación e mostra dunha selección do seu repertorio musical.

#### **XULLO :**

\* Celebración do **DÍA DAS LETRAS GALEGAS-99 en Barcelona**, coa asistencia ós actos organizados na devandita localidade, pola Federación de Entidades Galegas en Catalunya.

#### **SETEMBRO :**

\* Celebración da **"Festividade de Breogán"**, como xa ven sendo costume no noso Centro.

\* Asistencia ós actos que se celebran en honor á **"Virxe Branca"**, Patroa da Cidade, na Academia Mariana, coa actuación da nosa Coral Cengallei na parte musical da liturxia.

#### **OUTUBRO :**

\* Colaboración do noso Centro no **DÍA DA CRUZ VERMELLA**, atendendo a unha mesa ubicada nun lugar céntrico desta capital.





\* Desprazamento á Residencia de Maiores das Hermanitas de **AITONA** e **JUANA JUGAN** de Lleida, do noso Grupo de Danza e Baile Xurdimento, así como da nosa agrupación coral Cengallei, para realizar diversas actuacións diante dos residentes nas devanditas casas.

**DECEMBRO :**

\* Visita ó *Hospital Provincial*, coa asistencia a unha misa cantada pola nosa agrupación coral Cengallei, e posteriormente interpretación de varias pezas do seu repertorio polas salas do Hospital, con motivo das festas do nadal.

\* Participación da nosa agrupación Coral Cengallei na "**MARATÓ DE TV3**" por mediación da Federación de Casas

Rexionais de Lleida, e xuntamente cos demais Centros desta capital.

\* *Despedida do ano vello e recibimento do aninovo*, o día 31, reuníndose os socios, amigos e simpatizantes na nosa sé social, para brindar con cava por tal acontecemento.

**LUÍS TRIGO**

**NOVEMBRO :**

\* Festividade de *Tóbolos Santos*, asistindo a unha misa na Parroquia de Sant Jaume, cantada na parte litúrxica, pola nosa Agrupación Coral Cengallei. A continuación e na sé social degustación de castañas e panellets, con viño Ribeiro e copa de cava.

**DISEÑAMOS Y CONSTRUIMOS INTEGRALMENTE SU ESTABLECIMIENTO  
IDEA, PROYECTO, DIRECCION DE OBRA E INSTALACIONES**



**JUAN COLL**

\* CLIMATIZACION \* MOBILIARIO \* MAQUINARIA  
\* FABRICACION EN ACERO INOXIDABLE \* ELECTRICIDAD \* ILUMINACION

**AVDA. GARRIGUES 79 - TELEF. 973 20 24 91 LLEIDA**

*Les Grands  
Vins*



Diputació, 19 - 08160 Montmeló (Barcelona)  
Tel.: 93 568 66 22 - Fax 93 568 66 27



# Restaurant Centro Galego de Lleida

Dirección: Jaime y Bea



**TAPAS VARIADAS**

**MENÚ DIARIO**

**COMEDOR A LA CARTA**

**ESPECIALIDAD EN MARISCO  
Y PRODUCTOS DE GALICIA**



Joc de la Bola, 20 • Tel.: 973 27 03 02 • 25003 LLEIDA